



FACULDADE DE DEREITO

O PROCESO DE DESCOLONIZACIÓN DO SAHARA OCCIDENTAL DENDE O DEREITO INTERNACIONAL

TFG presentado por Claudia Orosia Galego Sisto

Curso académico 2019/20

Titor: Julio Jorge Urbina

ÍNDICE

Introdución	7
<i>Hipóteses e obxectivos</i>	7
<i>Fontes e metodoloxía</i>	7
1. Dereito á libre determinación dos pobos no contexto colonial	9
1.1 <i>Proclamación por parte da O.N.U.</i>	9
1.2 <i>Alcance e contido do dereito</i>	12
2. Sáhara occidental, territorio non autónomo: libre determinación e obrigas de España	15
2.1 <i>O Sáhara, un territorio suxeito á descolonización</i>	15
2.2 <i>As pretensións dos Estados veciños e a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza</i>	19
2.3 <i>España como potencia administradora: Constitúen os acordos de Madrid do 14 de novembro de 1975 unha vía de descolonización?</i>	23
3. O problema do Sáhara tras a retirada de España mediante os acordos de Madrid en 1975	26
3.1 <i>Situación actual do Sáhara Occidental</i>	26
3.1.1 <i>Territorio ocupado por Marrocos</i>	26
3.1.2 <i>Os dereitos humanos no territorio ocupado</i>	28
3.1.3 <i>É a R.A.S.D. un Estado?</i>	30
3.1.4 <i>Que nacionalidade teñen os saharauís para España?</i>	33
3.2 <i>Explotación dos recursos naturais e o dereito á libre autodeterminación do Sáhara</i>	35
3.2.1 <i>Quen pode explotar os recursos do territorio segundo o Dereito Internacional?</i>	37
3.2.2 <i>A explotación dos recursos naturais do Sáhara Occidental no marco das relacións comerciais entre a U.E. e o Reino de Marrocos</i>	40
4. Iniciativas para promover a descolonización do Sáhara Occidental no contexto da O.N.U.	45
Conclusións	51
ABREVIATURAS:	53
BIBLIOGRAFÍA:	54
ANEXOS:	58

O proceso de descolonización do Sáhara Occidental dende o Dereito Internacional

RESUMO

Dende a Conferencia de Berlín de 1885 o Sáhara Occidental foi unha das colonias españolas no norte de África. En 1974, España, anuncia a súa intención de respectar as resolucións da O.N.U. sobre descolonización, elaborar un censo da poboación e organizar un referendo partindo dunha base enteiramente libre, democrática e imparcial, sen limitacións administrativas e militares, para que a poboación autóctona do Sáhara Occidental puidese exercer o seu dereito á libre determinación. Con todo, a descolonización nunca tivo lugar debido ós sucesos acontecidos en 1975: ese ano Hassan II rei de Marrocos despregou ás súas tropas na fronteira norte e organizou a famosa “Marcha Verde” que avanzou polo oeste e acaparou toda a atención internacional. Ante esta ameaza España chegou a un acordo con Marrocos e Mauritania para cederlles a administración do territorio. En 1976, o Estado español abandonou definitivamente o Sáhara deixando sen protección á poboación ante os ataques do exército marroquí. Mentres fuxían ó deserto para salvar a súa vida, a Fronte Polisario proclamou a República da R.A.S.D. e comezou o contraataque. A día de hoxe, grazas á intervención internacional hai anos que cesou o conflito bélico. Non obstante, Marrocos continúa ocupando ilegalmente o territorio e parte da poboación saharauí leva máis de corenta anos vivindo en campos de refuxiados en Alxeria, separados da súa terra por un inmenso muro con minas antipersona e sostidos por axuda humanitaria. Marrocos e os seus aliados xeopolíticos seguen impedindo que o pobo saharauí exerza o dereito á libre determinación recollido no artigo 73 da Carta das Nacións Unidas e nas Resolucións 1514 (XV) e 1541 (XV) ambas de 1960. Neste TFG analízase o dereito internacional aplicable ó conflito e cuestións derivadas como a razón pola que España é aínda a potencia administradora do Sáhara Occidental ou a falta de lexitimidade de Marrocos para explotar os recursos naturais do territorio ocupado.

Palabras clave: Sáhara Occidental, Nacións Unidas, libre determinación, Marrocos, ocupación.

El proceso de descolonización del Sáhara Occidental desde el Derecho Internacional

RESUMEN

Desde la Conferencia de Berlín de 1885 el Sáhara Occidental fue una de las colonias españolas en el norte de África. En 1974, España, anuncia su intención de respetar las resoluciones de la O.N.U. sobre descolonización, elaborar un censo de la población y organizar un referéndum partiendo de una base enteramente libre, democrática e imparcial, sin limitaciones administrativas y militares, para que la población autóctona del Sáhara Occidental pudiese ejercer su derecho a la libre determinación. Sin embargo, la descolonización nunca tuvo lugar debido a los sucesos acontecidos en 1975: ese año Hassan II rey de Marruecos desplegó sus tropas en la frontera norte y organizó la famosa “Marcha Verde” que avanzó por el oeste y acaparó toda la atención internacional. Ante esta amenaza España llegó a un acuerdo con Marruecos y Mauritania para cederles la administración del territorio. En 1976, el Estado español abandonó definitivamente el Sáhara dejando sin protección a la población ante los ataques del ejército marroquí. Mientras huían al desierto para salvar su vida, el Frente P.O.L.I.S.A.R.I.O. proclamó la República de la R.A.S.D. y comenzó el contraataque. A día de hoy, gracias a la intervención internacional hace años que cesó el conflicto bélico. Sin embargo, Marruecos continúa ocupando ilegalmente el territorio y parte de la población saharauí lleva más de cuarenta años viviendo en campos de refugiados en Argelia, separados de su tierra por un inmenso muro con minas antipersona y sostenidos por ayuda humanitaria. Marruecos y sus aliados geopolíticos siguen impidiendo que el pueblo saharauí ejerza el derecho a la libre determinación recogido en el artículo 73 de la Carta de las Naciones Unidas y en las Resoluciones 1514 (XV) y 1541 (XV) ambas de 1960. En este TFG se analiza el derecho internacional aplicable al conflicto y cuestiones derivadas como la razón por la que España es aún la potencia administradora del Sáhara Occidental o la falta de legitimidad de Marruecos para explotar los recursos naturales del territorio ocupado.

Palabras clave: Sáhara Occidental, Naciones Unidas, libre determinación, Marruecos, ocupación.

Western Sahara Decolonization process: an international law insight

ABSTRACT

Since the Berlin Conference of 1885, the Western Sahara was one of the Spanish colonies in the north of Africa. In 1974, Spain announced its intention to respect the U.N. decolonization resolutions, prepare a population census and organize a referendum out of an entirely free, democratic and impartial base, without administrative and military limitations, so that the indigenous population of the Sahara Occidental may exercise its right of self-determination. However, decolonization never took place due to the events of 1975: that year Hassan II king of Morocco deployed his troops on the northern border and organized the famous "Green March" that advanced in the west and got all international attention. Faced with this threat, Spain reached an agreement with Morocco and Mauritania to transfer them the administration of the territory. In 1976, the Spanish state definitively abandoned the Sahara, leaving the population unprotected against the attacks of the Moroccan army. While they fled to the desert to save their lives, the P.O.L.I.S.A.R.I.O. proclaimed the Republic of the R.A.S.D. and the counterattack began. Thanks to international intervention, the war conflict ended years ago. Nevertheless, Morocco continues to illegally occupy the territory and part of Saharawi population has been living in refugee camps in Algeria for more than forty years, separated from their land by an immense wall with antipersonnel mines and supported by humanitarian aid. Morocco and its geopolitical allies continue to keep the Saharawi people from exercising the right to self-determination contained in Article 73 of the United Nations Charter and in Resolutions 1514 (XV) and 1541 (XV) both of 1960. In this TFG I will analyse the law applicable to the conflict and other related issues such as the reason why Spain is still the administering power of Western Sahara, or Morocco's lack of legitimacy to exploit the natural resources of the occupied territory.

Key words: Western Sahara, United Nations, self-determination, Morocco, occupation.

Introdución

A día de hoxe o Sáhara Occidental segue sendo un tema pendente para o dereito internacional. Trátase do último territorio colonial do continente africano que leva máis de corenta anos en proceso de descolonización, sen que as institucións internacionais sexan capaces de lograr avances significativos.

Hipóteses e obxectivos

Con este traballo de fin de grao preténdese estudar dende o punto de vista do dereito internacional as dificultades que presenta este proceso e a evolución da posición das distintas partes. Para iso, afondaremos no alcance e contido do dereito á libre determinación e nas resolucións relativas ó estatuto do territorio. Ademais, tentarase analizar as obrigas do Estado Español con esta colonia que abandonou en 1976, a legalidade da ocupación por parte de Marrocos e Mauritania de Saguia el Hamra e Río de Oro, as consecuencias da proclamación da R.A.S.D., o estatuto actual das terras do Sáhara e a explotación dos seus recursos por parte de Marrocos. Ademais, centrarémonos tamén no estudo das iniciativas para promover a descolonización do Sáhara Occidental no seo das Nacións Unidas, na nacionalidade que teñen as persoas saharauís para España e as relacións da Unión Europea co Reino invasor.

As finalidades da miña investigación foron principalmente tres: por unha banda, realizar un traballo que servise como guía para achegarse ó estatuto xurídico do Sáhara Occidental, o conflito en torno a este territorio e a lexislación e xurisprudencia aplicable. Por outra banda, afondar nos coñecementos adquiridos na materia de “Dereito Internacional Público”, sobre a lexislación internacional relativa ó dereito á libre determinación. Por último, preténdese tamén axudar a divulgar coñecemento sobre a situación do pobo saharauí, un tema que a miúdo é esquecido ou relegado a un segundo plano.

Fontes e metodoloxía

As fontes lexislativas son as máis utilizadas neste traballo, posto que resultan indispensables para contestar ás hipóteses formuladas. Constitúen unha fonte primaria de información xurídica e histórica clave para entender o estatuto do Sáhara Occidental e os sucesos acontecidos nesta colonia dende a segunda metade do século XX ata agora. Ademais,

permiten analizar a postura das organizacións que promulgan as resolucións e ditames e coñecer así a posición da comunidade internacional con respecto ó conflito. Para consultar estas disposicións acudimos principalmente á base de datos das Nacións Unidas, a Unión Africana e a Unión Europea. Cómpre resaltar que un dos recursos que máis me axudou a realizar este traballo foi tamén, sen dúbida, a páxina do Centro de Estudos do Sáhara Occidental da Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, a bibliografía utilizada resultou, así mesmo, fundamental para coñecer os estudos realizados antes sobre o tema por expertos de distintos ámbitos. Por suposto, a meirande parte dos autores sobre os que traballamos son xuristas mais, co fin de ter unha visión máis completa sobre a situación do Sáhara, consultamos tamén textos escritos por historiadores, sociólogos e economistas. A lectura destes libros e artigos axudoume a extraer ideas fundamentais que contribuíron a consolidar a miña propia visión.

Tamén, coma na meirande parte das labores investigadoras, a prensa resultou unha fonte reveladora para contrastar e complementar a información. Todos os medios deste tipo que consultamos teñen o seu contido dixitalizado en liña polo que, aínda durante a etapa de confinamento que nos tocou vivir, púidose seguir traballando con eles sen problema ningún. Principalmente, centrámonos na prensa dedicada ás novas sobre a situación da colonia como por exemplo: “El confidencial Saharaui”, “WSHRW” ou “WSRW”, “EcSaharai” entre outros. Non obstante, outros medios non especializado cubriron igualmente o sucedido como “eldiario.es” ou “El País”. Algúns destes medios non se citan finalmente neste traballo pero si serviron para consulta.

Finalmente, algunhas páxinas web e blogs foron de suma utilidade para estar en contacto cos acontecementos mais recentes no territorio. Grazas á estupenda labor que realizan páxinas como “noteolvidesdelsaharaoccidental.org” puiden manterme ó día e vincularme aínda máis coa causa saharauí.

1. Dereito á libre determinación dos pobos no contexto colonial

Antes de analizar o caso específico do Sáhara Occidental, cómpre comentar brevemente a regulación no Dereito internacional do dereito autodeterminación dos pobos e a súa aplicación no contexto colonial.

1.1 Proclamación por parte da O.N.U.

Un dos propósitos da Organización das Nacións Unidas é o fomento do respecto ó principio da libre determinación dos pobos, que se atopa promulgado no artigo 1.2 e 55 da súa Carta¹. Este documento, constitúe o tratado fundacional da institución e foi asinado inicialmente por cincuenta países o día 26 de xuño de 1945 en San Francisco, poucos meses antes de que finalizase a Segunda Guerra Mundial. Entrou en vigor o 24 de outubro dese mesmo ano e ten como fin promover a paz e a seguridade mediante a cooperación entre nacións. Actualmente o número de Estados que forman parte deste organismo internacional é de 193, ós que hai que engadir dous membros máis que participan como observadores: a Santa Sede e Palestina².

No artigo 1.2 faise referencia ós propósitos da Carta, entre os que se atopa o fomento das relacións de amizade baseadas no respecto ó principio de igualdade de dereitos e na libre determinación dos pobos. En canto a esta última, no artigo 55 podemos atopar “o embrión do contido do dereito á libre determinación dos pobos³” xa que no seu texto se pon en relación por primeira vez este principio con conceptos como o desenvolvemento económico e social, a cooperación internacional no eido cultural e educativo e o respecto ós dereitos humanos e ás liberdades fundamentais⁴.

A situación dos territorios sometidos a dominación colonial desenvólvese máis polo miúdo no capítulo XI, que ten por título “Declaración relativa a territorios non autónomos”. En concreto, no artigo 73 recoñécese a primacía dos intereses dos habitantes de territorios que non acadasen aínda a plenitude de goberno propio fronte a outras pretensións político-económicas de terceiros. Para dotar a esta declaración de efectividade, o precepto establece que os Estados

¹ Carta da O.N.U., art.1

² O.N.U. *Non-member states* Recuperado de: <https://www.un.org/en/sections/member-states/non-member-states/index.html> (11-07-2020)

³ Soroeta Liceras, 2012, p.463

⁴ *Ibid.*

Membros, encargados de administrar estes territorios, asumirán a responsabilidade de promover o benestar deses pobos dentro do sistema de paz e seguridade internacional establecido na Carta. Ademais establécense unha serie de obrigas que deben cumprir as potencias administradoras, que transcribo a continuación:

“a. asegurar, co debido respecto á cultura dos pobos respectivos, o seu adianto político, económico, social e educativo, o xusto tratamento dos devanditos pobos e a súa protección contra todo abuso;

b. desenvolver o goberno propio, a ter debidamente en conta as aspiracións políticas dos pobos, e a axudalos no desenvolvemento progresivo das súas libres institucións políticas, de acordo coas circunstancias especiais de cada territorio, dos seus pobos e dos seus distintos graos de adianto;

c. promover a paz e a seguridade internacionais;

d. promover medidas construtivas de desenvolvemento, estimular a investigación, e cooperar uns con outros e, cando e onde for do caso, con organismos internacionais especializados, para conseguir a realización práctica dos propósitos de carácter social, económico e científico expresados neste Artigo; e

e. transmitir regularmente ao Secretario Xeral, a título informativo e dentro dos límites que a seguridade e consideracións de orde constitucional requiran, a información estatística e de calquera outra natureza técnica que verse sobre as condicións económicas, sociais e educativas dos territorios polos cales son respectivamente responsables, que non sexan dos territorios ós que se refiren os Capítulos XII e XIII desta Carta.”

O 14 de decembro de 1960, aprobouse unha resolución intimamente relacionada con este precepto: trátase da resolución 1514 (XV), que leva por título: “Declaración sobre a concesión de independencia dos países e pobos coloniais” e está considerada pola doutrina como unha norma máis radical⁵, xa que ordena tomar medidas inmediatas relativas ó traspaso de poder para que todos aqueles territorios non autónomos acaden a independencia o máis axiña posible. Para algúns autores da época na que foi promulgada, a firme condena do colonialismo patente nesta resolución supón un afastamento das disposicións da Carta, que consideran máis moderadas. Para outra parte da doutrina do momento a resolución pode ser considerada como

⁵ Clark, 2009, p. 46

“unha prolongación das disposicións da Carta que desenvolve os principios consagrados por esta, onde se impón o respecto ós Estados membros como unha obrigaón positiva”⁶.

Con esta resolución o concepto de autodeterminación sufriu un cambio importante: a autodeterminación deixou de ser só un principio para converterse tamén nun dereito. Este novo status supuxo novas obrigas políticas e económicas para os estados membros das Nacións Unidas⁷: en primeiro lugar, como dereito, a autodeterminación pasou a ter un carácter *erga omnes* e de *ius cogens*, o que implica que todos os Estados teñan a obriga de observalo, respectalo e promovelos. Por outra banda, xurdiu tamén a obrigaón de impedir calquera práctica económica nun territorio non autónomo en beneficio da potencia colonial⁸. Así quedou resolta a cuestión de se todos os pobos coloniais tiñan dereito á libre determinación ou só aqueles que estaban constituídos como Estados. Segundo Ruiz Miguel, que a declaración estea dirixida xenericamente a “os pobos coloniais” deixa claro que todos eses pobos sen limitacións, teñen dereito á libre determinación⁹.

Na práctica, o artigo 73, letra e) que estabamos tratando máis arriba, deu lugar a distintas interpretacións á hora de identificar que zonas poderían ser consideradas un territorio non autónomo. Co obxectivo de aclarar esta cuestión, a Asemblea Xeral da O.N.U. aprobou tamén no mes de decembro de 1960 a Resolución 1541 (XV), titulada: “Principios que deben servir de guía ós Estados Membros para determinar se existe ou non a obriga de transmitir a información que se pide no inciso e no artigo 73 da Carta”. Nela sinalase que o Capítulo XI foi escrito coa intención de que fose aplicado ós territorios de tipo colonial¹⁰.

Segundo Roger S. Clark, é preciso comprender en que contexto foi emitida esta resolución a través dunha análise do panorama internacional da época. Para iso, debemos remontarnos á incorporación de España á O.N.U. en 1955, momento no que foi requirida xunto con Portugal para que identificase os seus territorios non autónomos nunha lista. Con todo, ambos países insistían en que os seus territorios de ultramar formaban parte do seu espazo nacional e que, por tanto, non entraban no suposto do artigo 73¹¹. Portugal, incluso despois da aprobación da resolución 1541 (XV), negouse á realización da lista e, en consecuencia, foille imposta pola Asemblea Xeral o 15 de decembro de 1960. Pola súa banda, España cedeu e

⁶ Virally, 1963, p.521

⁷ Ruiz Miguel, 2015, p.273

⁸ *Ibid.*

⁹ Ruiz Miguel, 2015, p.278

¹⁰ A/RES/1541 (XV), 15-12-1960, Anexo, principio nº I

¹¹ Clark, 2009, p. 45

aceptou facilitar a información¹², aínda que houbo que agardar ata 1963 para que identificase ós seus territorios non autónomos¹³, entre os que se incluía o Sáhara Occidental.

1.2 Alcance e contido do dereito

En primeiro lugar, comentaremos brevemente as declaracións recollidas na resolución 1514 (XV). Nela, cualifícase como unha violación dos dereitos humanos o sometemento dos pobos a unha dominación e explotación colonial. De feito, asegúrase que esta situación pon en cuestión o principal fin da O.N.U.: acadar a paz e cooperación mundiais. Así mesmo, a Asemblea Xeral vincula con esta resolución a todos os Estados Membros a realizar traspaso de poderes sen condición algunha, de acordo cos desexos expresados libremente pola poboación autóctona. Ademais, ponse gran énfase en sinalar que o dereito do pobo a determinar a súa condición política e buscar o seu propio desenvolvemento, non pode ser adiado alegando a falta de preparación no territorio. Tamén se ordena o alto o fogo, a supresión de toda acción represiva e o garantía de que se respectará a integridade nacional.

Coa finalidade de realizar un control e seguimento da aplicación da resolución 1514 (XV), creouse en 1961 un Comité Especial de Descolonización¹⁴. Orixinalmente, contaba con dezasete membros, mais en 1962 aumentou o seu número¹⁵, o que explica que actualmente o órgano sexa coñecido como: “Comité dos Vinte e Catro”. Está constituído como órgano subsidiario da Asemblea Xeral e as súas recomendacións son imprescindibles para apreciar cando e como un territorio non autónomo alcanzou a plenitude de goberno propio. Ademais, os Estados membros poden someter ante el a información relativa ós seus territorios non autónomos e así cualificalos como pobos coloniais. Non obstante, non se trata dunha competencia exclusiva do Comité senón que a Asemblea e o Consello de Seguridade poden *nominatim* referirse a un determinado pobo como lexitimado para a libre determinación¹⁶.

En segundo lugar, cómpre analizar polo miúdo a resolución 1541 (XV) aclarando previamente o contido do artigo 73, letra e) da Carta: trátase dun mandato dirixido ós Estados Membros para que comuniquen ó Secretario Xeral, datos estatísticos e técnicos sobre os territorios que se atopen ó seu cargo. A información ten que ser proporcionada de xeito

¹² A/RES/1542 (XV)

¹³ Doc. A/5514, 1963

¹⁴ A /RES/1654 (XVI)

¹⁵ A/RES/1810 (XVII)

¹⁶ Ruiz Miguel, 2015, p.279

frecuente e debe ser relativa tanto ás condicións económicas da rexión, como ás circunstancias sociais e educativas. A única referencia que se realiza acerca do tipo de zonas xeográficas afectadas é que en ningún caso o precepto será aplicable ás sinaladas nos capítulos XII e XIII¹⁷.

En 1960, a Asemblea Xeral soluciona esta imprecisión territorial mediante a aplicación un criterio interpretativo histórico. Así, afirma que a pretensión dos autores da Carta das Nacións Unidas era que o Capítulo XI se referise ós territorios considerados de carácter colonial¹⁸. Estas rexións caracterízanse por estar separadas xeograficamente do país que as administra e contar con elementos étnicos e culturais distintos a este¹⁹. Outro aspecto que axuda a identificalas é o feito de que estean colocadas arbitrariamente nunha situación ou nun estado de subordinación con respecto ó Estado metropolitano, como consecuencia de vínculos de carácter administrativo, político, xurídico, económico ou histórico²⁰. Se na práctica detectamos estes elementos podemos presumir que existe a obriga de transmitir información do artigo 73, e).

Por outra banda, no principio II da mesma resolución defínese o concepto de territorio non autónomo como un estado dinámico de evolución e progreso encamiñado cara a plenitude de goberno propio²¹. Pode considerarse que se acada este status de autogoberno cando: o territorio pasa a ser un Estado independente e soberano, establece unha libre asociación con outro Estado ou se integra nel²². Coa conquista da descolonización mediante calquera das tres posibilidades, desaparece a obriga dos Estados Membros de transmitir os datos que se piden no Capítulo XI.

A este respecto, cómpre facer referencia á resolución 2625 (XXV), que ten por título “Declaración relativa ós principios do dereito internacional referentes ás relacións de amizade e cooperación entre os Estados de conformidade coa Carta das Nacións Unidas” e que foi aprobada pola Asemblea Xeral o 24 de outubro de 1970. Nela insístese no feito de que un territorio non autónomo posúe un estatuto separado da súa potencia administradora pois son, en definitiva, persoas xurídicas internacionais distintas. Ademais, establécese un deber para

¹⁷ Os capítulos XII e XIII versan sobre o réxime de administración fiduciaria que se aplica ós territorios que se atopan baixo mandato; os territorios que como resultado da segunda guerra mundial foran segregados de Estados inimigos e os territorios voluntariamente colocados baixo este réxime polos Estados responsables da súa administración. V. Art. 77 da Carta de Nacións Unidas.

¹⁸ A/RES/1541 (XV), Anexo, principio nº 1

¹⁹ *Ibid.*, principio nº IV

²⁰ *Ibid.*, principio nº V

²¹ *Ibid.* Principio nº VI

²² Soroeta Liceras, 2012, p.465

todos os Estados de promover, mediante acción conxunta ou individual, a aplicación do principio da libre determinación dos pobos a fin de poñer fin rapidamente ó colonialismo. Este deber aparece acompañado do correlativo dereito dos pobos a pedir e recibir apoio de conformidade cos principios e propósitos da Carta das Nacións Unidas nos actos que se realicen e na resistencia que opoñan ás medidas de forza co fin de exercer o seu dereito á libre determinación²³. Por outro lado, a resolución amplía as tres vías mencionadas anteriormente polas que as colonias poden obter a plenitude de goberno propio, mediante a expresión “a adquisición de calquera outra condición política libremente decidida por un pobo”²⁴. Segundo Jiménez de Aréchaga isto permite optar por solucións diferentes consistentes en modificacións constitucionais que establezan réximes de autonómicos ou federais²⁵, sempre que se respecte a vontade da poboación libremente expresada a través do sufraxio universal.

Tras este inciso e volvendo á resolución 1541, debemos reparar no principio VIII no que se desenvolve a opción da integración nun Estado independente. Afírmase que este proceso deberá realizarse garantindo a estrita igualdade entre o pobo do territorio e o do país no que se vai integrar. Non cabe, por tanto, discriminación algunha pois todos serán titulares dos mesmos dereitos fundamentais. Ademais, esíxese que ambos pobos teñan representacións nos tres poderes do Estado.

Por outra banda, no principio IX engádense dúas condicións para levar a cabo a descolonización mediante a integración: en primeiro lugar, o territorio non autónomo debe posuír institucións políticas propias e contar cunha autonomía avanzada. En segundo lugar, cómpre que o procedemento se realice democraticamente, isto é, que os seus habitantes desexen integrarse no outro país e así o manifesten a través do sufraxio universal. A este respecto, as Nacións Unidas resérvase a posibilidade de vixiar os procedementos e insisten en que non corresponde á potencia colonial determinar en que momento se acada a autonomía integral.²⁶

²³ *Ibid.*

²⁴ A/RES/ 2526 (XXV)

²⁵ Jiménez de Aréchaga, 1980, p.130

²⁶ Clark., 2009, p. 47

2. Sáhara occidental, territorio non autónomo: libre determinación e obrigas de España

Unha vez comentada en abstracto a regulación internacional do dereito á libre determinación, cómpre centrar xa o estudo no caso: a situación do Sáhara Occidental. Para iso, debemos analizar o estatuto do Sáhara Occidental, as consecuencias xurídicas que se derivan da súa cualificación como territorio non autónomo, as pretensións dos Estados veciños para con estas terras e o papel que xoga España neste conflito.

2.1 O Sáhara, un territorio suxeito á descolonización

O Sáhara Occidental²⁷ está considerado como o último territorio non autónomo do continente africano pendente de descolonización²⁸. Esta condición aparece recollida na lista²⁹ do *Comité dos vinte e catro* e implica que o pobo do Sáhara Occidental é titular do dereito á libre determinación, séndolle de aplicación as disposicións dos artigos 1.2, 55 e 73 da Carta e das resolucións 1514 (XV), 1541 (XV) e 2625 (XXV), así coma das demais relativas á descolonización.

Para comprender mellor a súa situación actual debemos facer primeiro unha breve referencia á historia colonial do Sáhara Occidental: dende hai centos de anos os reinos da península Ibérica e Francia interesáronse polos territorios do noroeste africano a causa da súa riqueza en recursos naturais³⁰. No século XIX o Estado español, que estaba gravemente afectado pola perda de numerosas colonias e temía o incremento da influencia británica no continente africano³¹, decidiu ocupar distintas zonas da costa saharauí³². Para reforzar a súa posición no territorio, España participou nos acordos do 26 de febreiro da Conferencia de potencias estranxeiras en Berlín en 1885, que fora convocada por Francia e o Reino Unido para

²⁷ Atópase situado no noroeste do continente africano, limita ó norte con Marrocos, ó sur e ó leste con Mauritania, ó nordés con Alxeria e ó noroeste coas illas Canarias de España. Trátase dun territorio de 266.000 qm² principalmente desértico pero con recursos acuíferos subterráneos abundantes e un clima temperado na zona costeira. En canto á súa poboación debemos sinalar que foi historicamente árabe-bérber e estaba organizada en tribos nómades que se dedicaban á gandaría e á pesca.

²⁸ Riquelme, 2012, p.207

²⁹ Doc. A/5514, 1963

³⁰ Dende o século XIII establecéronse relacións comerciais que consistían na compra de produtos autóctonos e na obtención de novos escravos. No século XV os reinos de Castela e Aragón pactaron co reino de Portugal, nos tratados de Acaçovas (1479) e Tordesillas (1494), as condicións da expansión castelá no noroeste africano para a explotación dos seus recursos.

³¹ Algueró Cuervo, 2009, p. 28

³² En 1884 España funda Villa Cisneros (Dajla)

tratar os problemas que supoñía a expansión colonial en África e efectuar a súa repartición. Ademais, asinouse tamén un tratado de protectorado cos xerifes de varias tribos saharauís o 12 de xullo de 1886 polo que se establecía que dende ese día pertencían a España todos os territorios comprendidos entre a costa das posesións españolas do Atlántico, dende Cabo Bojador a Cabo Blanco e con límite occidental no Adrar.

Xa no século XX, as fronteiras do Sáhara Occidental quedaron delimitadas por varios tratados franco-españóis³³. Como consecuencia destes pactos, o territorio a disposición do noso Estado quedou reducido á metade, establecéndose os límites na zona entre a ribeira do río Draa e a fronteira sur de Saguia el Hamra³⁴. Durante os anos seguintes, España continuou coas súas conquistas aínda que moi lentamente, pois carecía de recursos económicos³⁵. Marrocos acadou a súa independencia en 1956 e España, que viu reducido novamente o seu protectorado, converteu as terras do Ifni³⁶ e do Sáhara en provincias aumentando a inversión³⁷.

As iniciativas internacionais para a descolonización do Sáhara iníciáanse na década dos sesenta, cando a O.N.U. comezou a apoiar ó pobo saharauí no seu dereito á libre determinación. Así, en 1965, coa arela de pór fin á situación colonial, a Asemblea xeral da O.N.U pediu a España a través da resolución 2072 (XX) que se retirase do Sáhara español. Un ano máis tarde, na relevante resolución 2229 (XXI), a Asemblea precisa que o Estado español, como potencia administradora, ten a obriga de celebrar o antes posible un referendo para que a poboación autóctona do Sáhara Occidental exerza o seu dereito á libre determinación.

Nun primeiro momento o España non amosou ningunha intención de cumprir con estas resolucións das Nacións Unidas mais a súa posición mudou nos anos setenta tras unha serie de acontecementos: en primeiro lugar, Marrocos reclamou para si este territorio mediante un

³³ O máis importante foi o “Tratado de París” de 1900, que foi seguido por outros dous en 1904 e 1920.

³⁴ Nesta época destaca a fundación de Villa Bens (Tarfaya) en 1916 e La Güera catro anos máis tarde. Polo que respecta á cidade do Aaiún, a capital durante toda a época de dominación española, foi erixida mentres se libraba a Guerra Civil, concretamente en 1938.

³⁵ Algueró Cuervo, 2009, p. 28

³⁶ Marrocos reclamou para si o Ifni dende que acadou a independencia en 1956 e librou unha guerra con España durante os anos 1957 e 1958. A O.N.U. recoñeceu a cidade como “territorio non autónomo” na resolución 2072 (XX) de 16 de decembro de 1965 na que pediu ó Estado español que descolonizase o territorio. Durante os anos seguintes mantivéronse unha serie de conversas con Marrocos que desembocaron no acordo de retrocesión do territorio, que foi asinado en Fez o día 4 de xaneiro de 1969. «Instrumento de Ratificación do Tratado polo que o Estado Español retrocede ó Reino de Marrocos o territorio que este previamente lle cedera en aplicación do artigo oito do Tratado de Tetuán de 26 de abril de 1860, firmado en Fez o día 4 de xaneiro de 1969.». *Boletín Oficial do Estado*, 28 de xuño de 1969, núm. 134.

³⁷ Creáronse estruturas administrativas e incluso se constituíu unha cámara política, que recibía o nome de “djemaa” e na que deixaba participar ós saharauís máis achegados ós ideais franquistas. Con todo, a ditadura perseguíu, tal e como fixo na península, a aqueles saharauís que eran críticos co réxime e coa dominación española.

comunicado público do monarca Hassan II, que consideraba que o Sáhara era un territorio histórico do reino marroquí³⁸. En segundo lugar, os saharauís comezaron a organizarse para reivindicar o seu dereito á libre determinación, liberarse da potencia colonial e defenderse fronte as ameazas marroquís, creando no ano 73 a Fronte Polisario.³⁹ Ademais, resulta tamén relevante o feito de que España nestes momentos se atopaba nos últimos anos da ditadura, con Francisco Franco xa gravemente enfermo, e cunha situación política marcada pola incerteza do que acontecería despois da súa morte.

Así as cousas, no 1974, o Estado español anuncia a súa intención de respectar os mandatos da O.N.U., elaborar un censo da poboación e organizar un referendo de autodeterminación. Unha Misión da O.N.U. visita o territorio o 10 de outubro de 1975 e elabora un informe no que reconece ó P.O.L.I.S.A.R.I.O. como representante da poboación. Este intento de descolonizar o territorio vese frustrado pola ocupación marroquí do territorio mediante a denominada “Marcha Verde” o día 26 dese mesmo mes⁴⁰.

Neste momento, a posición do réxime franquista con respecto á colonia caracterízase pola toma de medidas contraditorias, primeiro despregando ó exército e dando a entender á poboación que vai a defender o territorio⁴¹ e finalmente asinando en Madrid un acordo con Marrocos e Mauritania o día 14 de novembro de 1975 para cederlles a administración do territorio. Este pacto non foi avalado polas Nacións Unidas que, o 9 de decembro dese mesmo ano, se pronunciou ó respecto na resolución 3458 (XXX) da Asemblea Xeral e insistiu nas obrigas da potencia administradora como Membro da O.N.U. e no seu deber de descolonizar o territorio segundo os parámetros da resolución 1514 (XV).

España fai caso omiso a esta nova resolución e pese ós ataques marroquís á poboación civil⁴² abandona o territorio o 26 de febreiro de 1976, traslada ós seus colonos e cesa a explotación dos recursos naturais da zona. A actitude do noso Estado a partir de entón foi dar

³⁸ Algueró Cuervo, 2009, p. 29

³⁹ A “Fronte Popular de Liberación de Saguia el Hamra e Río de Ouro”, máis coñecido coma Fronte Polisario, un movemento de liberación nacional que loita polo dereito á libre determinación do pobo saharauí. Naquel momento, naceu co obxectivo de acadar a independencia e liberarse do dominio colonial, mais tamén para deixar clara a posición do pobo saharauí perante as ameazantes declaracións do rei Hassan II. Os medios de actuación da Fronte Polisario consistían en protestas, accións e enfrontamentos armados en forma de guerrillas.

⁴⁰ Marrocos ocupou militarmente o Sáhara pola fronteira norte mentres polo oeste avanzaba unha marcha de máis de 350.000 civís e 25.000 militares organizada polo rei Hassan II. Poucos días despois, o 6 de novembro de 1975 iniciouse a guerra entre o P.O.L.I.S.A.R.I.O. e as tropas marroquís.

⁴¹ Recuperado de: <https://www.rtve.es/rtve/20101006/35-anos-marcha-verde/359560.shtml> (22/08/2020)

⁴² A comezos de 1976 a aviación marroquí comezou a bombardear á poboación civil que fuxía da ocupación e o Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Refuxiados (A.C.N.U.R.) viuse obrigado a evacualos e protexelos en Tindouf (Alxeria), onde permanecen a día de hoxe.

por rematadas as súas responsabilidades e desentenderse dos problemas dos habitantes dos que ata ese momento fora considerada unha provincia española. O único recoñecemento por parte de España de que a descolonización non foi completada é un documento do despacho de información diplomática do Ministerio de Asuntos Exteriores que precisa que “a descolonización non se conseguiría ata que o pobo saharauí fose escoitado do xeito adecuado”⁴³, isto é, ata que exerza a través dun referendo o seu dereito á libre determinación.

Como resposta á ocupación marroquí e á retirada de España, foi proclamada a República Árabe Saharaí Democrática (R.A.S.D.) a noite do 27 de febreiro de 1976 pola Fronte Polisario. Pola súa banda, o día 14 de abril Marrocos e Mauritania⁴⁴ formalizan un acordo para repartirse a terra da que se consideran soberanos. Durante os anos de guerra entre a Fronte e Marrocos atopamos de novo resolucións da Asemblea de Xefes de Estado da O.U.A.⁴⁵ e da Asemblea Xeral das Nacións Unidas⁴⁶ nas que non se considera resolto o problema de descolonización do territorio. Tamén teñen lugar os primeiros intentos dos organismos internacionais para resolver o conflito⁴⁷ tentando que as partes chegaran a un acordo que respectase o dereito á libre determinación do pobo saharauí⁴⁸.

A guerra entre Marrocos e a Fronte Polisario finalizou o 6 de setembro de 1991, día no que se asinou, co visto bo do Consello de Seguridade, un “Plan de arranxo” para a celebración dun referendo de autodeterminación o ano seguinte⁴⁹. Todos os esforzos foron infrutuosos pois Marrocos non aceptou o censo proposto. A partir de entón, a O.N.U. orquestrou varios plans e conversas entre as partes que lamentablemente non obtiveron ningún éxito⁵⁰.

⁴³ Declaración do despacho de información diplomática do ministerio español de asuntos exteriores, Madrid, 26 febreiro 1976. Extraído de: Algueró Cuervo, 2009, p.29

⁴⁴ Tres anos despois, Mauritania retirárase tras asinar un tratado de paz co P.O.L.I.S.A.R.I.O. e inmediatamente o territorio foi ocupado por Marrocos.

⁴⁵ Resolución AHG/Res. 92 (XV) (1978)

⁴⁶ A/RES/35-19_1980

⁴⁷ En 1981 o Renio de Marrocos acepta ante a O.U.A. a celebración dun referendo de autodeterminación, mais nese mesmo ano comeza a construír un gran muro de máis de 2.720 km que separa aínda a día de hoxe a zona ocupada e o territorio liberado da República Árabe Saharaí Democrática (R.A.S.D.). A construción do muro rematou en 1987.

⁴⁸ As Asemblea das Nacións Unidas reivindicou activamente o dereito á independencia do pobo do Río de Ouro e Saguia el Hamra e tamén tratou o asunto como unha descolonización inacabada. A/RES/45/21_1990

⁴⁹ Co obxectivo de supervisalo e coordinalo creouse a “Misión de Nacións Unidas para a Realización do Referendo do Sáhara Occidental” (M.I.N.U.R.S.O.), que permanece activa hoxe en día.

⁵⁰ O fracaso da O.N.U. na resolución deste conflito explícase debido á situación internacional durante os anos da chamada “Guerra Fría” na que se enfrontaron os bloques ideolóxicos comunista e capitalista que lideraban a Unión Soviética e os Estados Unidos de América. A situación xeopolítica é clave para entender a falida descolonización do Sáhara xa que aínda que ningunha destas potencias chegou a intervir directamente no territorio, si influíron no curso dos acontecementos. Por unha banda, os países do bloque comunista como

Anos máis tarde, en 2002, o Secretario Xeral Adxunto de Asuntos Xurídicos das Nacións Unidas emitiu un informe⁵¹ no que recordaba ó Consello de Seguridade que os acordos celebrados en Madrid en 1975 de ningún modo puideron transferir a soberanía do territorio e dos seus recursos, posto que esta corresponde unicamente ó Sáhara Occidental e non a España. Estes acordos tampouco conferiron a Marrocos e Mauritania a condición de Potencia Administradora, pois España non tiña capacidade para cedela unilateralmente⁵².

En tanto que o proceso de descolonización nunca foi completado, o Sáhara Occidental continúa a ser a día de hoxe un territorio non autónomo, polo que non pode considerarse parte da integridade territorial de Marrocos. A propia resolución 2526 (XXV) afirma que “o territorio dunha colonia ou outro TNA ten, en virtude da Carta, unha condición xurídica distinta e separada da do territorio do Estado que o administra; e esa condición xurídica distinta e separada conforme á Carta existirá ata que o pobo da colonia ou o territorio non autónomo exerzan o seu dereito de libre determinación de conformidade coa Carta e en particular, cos seus propósitos e principios”. Isto é: o Sáhara continuará a ser un territorio non autónomo ata que o seu pobo exerza o dereito á libre determinación⁵³ a través dun referendo libre e con todas as garantías democráticas.

2.2 As pretensións dos Estados veciños e a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza

Marrocos empeza a reclamar o Sáhara Occidental como parte do seu territorio soberano moito antes de que inicie a súa ocupación a mediados da década dos setenta. O certo é que dende que acadou a independencia en 1956⁵⁴, Hassan II, o rei de Marrocos, comezou a utilizar o concepto do “Gran Marrocos⁵⁵” para referirse a todos aqueles territorios que consideraba que debían formar parte do seu país. Así, tratou de difundir as súas pretensións nacionalistas e

Alxeria, Siria ou Cuba apoiaron a causa saharauí e por outra, Francia e Estados Unidos, países con veto no Consello de Seguridade das Nacións Unidas, que tiñan intereses económicos na rexión do Magreb e contaban co reino de Marrocos como aliado.

⁵¹ Doc. S/2002/161

⁵² Soroeta Liceras, 2014, p.38

⁵³ *Ibid.*

⁵⁴ Ano da finalización do protectorado francés, a retrocesión de Tanxer e o fin do protectorado español no norte do territorio. Durante os anos finais da década dos cincuenta, librou a guerra do Ifni contra España que rematou coa anexión da rexión a Marrocos, xunto coa zona de Tarfaya (Cabo Juby).

⁵⁵ “O gran Marrocos” abrangue a totalidade do Sáhara Occidental e Mauritania, a zona occidental de Alxeria, o norte de Malí e as cidades autónomas españolas de Ceuta e Melilla. Algunhas correntes reclaman tamén as illas Canarias en base á súa posición xeográfica.

expansionistas que xustificaba alegando que as rexións limítrofes estiveran algún día baixo o dominio das dinastías marroquís. Esta resulta ser unha afirmación falsa posto que as pescudas históricas demostraron que as terras do Sáhara non estiveran baixo dominio alauí. De feito, está probado que no século XVIII o propio sultán marroquí admitiu nun tratado asinado en Marrakech que non posuía *auctoritas* ó sur da ribeira do Noun⁵⁶, que se atopa a numerosos quilómetros da fronteira internacionalmente recoñecida do Sáhara Occidental.

Marrocos anunciou oficialmente as súas pretensións o día 8 de xullo de 1974, en plena preparación do referendo, mediante unha carta dirixida ó Secretario Xeral das Nacións Unidas, enviada polo representante de Marrocos ante a O.N.U.⁵⁷. Nesta misiva argumentábase que neste caso debía ser de aplicación o principio primacía da unidade nacional e integridade territorial dos Estados sobre o dereito a autodeterminación dun territorio. Así, se considerásemos que o reino marroquí era soberano sobre as terras do Sáhara, non sería necesario o referendo⁵⁸.

Tan só dous días despois de que fose emitida a devandita carta, España acusou a Marrocos de pretender anexar o territorio sen respectar os dereitos da poboación autóctona⁵⁹. Uns meses despois, o 30 de setembro, o ministro de exteriores marroquí formulou unhas proposicións⁶⁰ ante a Asemblea Xeral nas que se inclinaba por resolver o conflito acudindo á Corte Internacional de Xustiza. Ó día seguinte o ministro de relacións exteriores da República Islámica de Mauritania manifestouse no mesmo sentido⁶¹.

Ante estes acontecementos a Asemblea Xeral decide solicitar unha opinión consultiva á Corte Internacional de Xustiza⁶² en virtude do artigo 96.1 da Carta e o Capítulo IV do Estatuto da C.I.X. Así mesmo, pide ó goberno de España que suspenda os preparativos para celebración do referendo mentes non se pronuncie o tribunal. Durante o proceso Marrocos e Mauritania recoñeceron que a súa influencia só se limitaba ó norte e ó sur do país, respectivamente⁶³.

⁵⁶ Algueró Cuervo, 2009, p.26

⁵⁷ Doc. A/9654, de 9 de xullo de 1974

⁵⁸ De Piniés, 2001, pp.693-698

⁵⁹ Doc. A/9655

⁶⁰ Doc. A/PV.2249

⁶¹ Doc. A/PV.2251

⁶² A/RES/ 3292

⁶³ O reino de Marrocos establece como fronteira meridional da súa zona de influencia o cabo “Bojador” pois defendía que a rexión de Saguia-El Hamra constituía unha unidade de territorio coa zona sur do antigo protectorado. Por tanto, a súa reivindicación non abranguía a rexión de Río de Ouro e considera que Dajla e Cabo Blanco eran parte de Mauritania. Con todo, o 11 de agosto en 1979 ocupou a zona sur do Sáhara Occidental despois de que Mauritania asinara ca Fronte Polisario o Acordo de Alxer seis días antes. En novembro dese mesmo ano reclama tamén a península do Cabo Blanco e A Güera.

Admitían que había unha zona intermedia que non podían delimitar con exactitude na que non había influencia de ningún dos dous países⁶⁴.

O C.I.X. emitiu unha resolución o día 16 de outubro de 1975 na que se pronunciou sobre o fondo da cuestión. Esta opinión consultiva merece unha análise pormenorizada, deténdonos en cuestións formais, coma a designación de xuíces *ad hoc* e a competencia do propio tribunal.

Referirémonos primeiro ó tema da designación dos xuíces, que foi resolto mediante unha ordenanza o día 22 de maio. Este documento admitía un xuíz designado por Marrocos e rexeitaba o proposto por Mauritania, baixo o argumento de que a controversia xurídica relativa ó territorio existía unicamente entre España e Marrocos. Esta ordenanza foi criticada pola doutrina por non analizar o conflito no contexto da descolonización e tratalo coma unha controversia entre dous Estados, contrariamente á política establecida na Asemblea Xeral das Nacións Unidas⁶⁵. Así mesmo non resulta lóxica a diferenza de trato entre Marrocos e Mauritania xa que a opinión consultiva solicitada ó tribunal versaba precisamente sobre a existencia de dereitos históricos destes dous países⁶⁶.

No que atinxe á cuestión da competencia da Corte neste asunto, resulta moi polémico que as preguntas que a Asemblea Xeral formulou ante o tribunal constitúan unha cuestión xurídica, xa que máis ben estaban referidas a cuestións históricas (analizar a existencia de posibles vínculos xurídicos existentes entre o reino de Marrocos e o territorio do Sáhara na época precolonial). Para os representantes de España nesta fase procesual, o Tribunal debería terse abtido de coñecer o asunto en base ó artigo 65.1 do seu propio Estatuto, que habilita ó Tribunal para emitir opinións consultivas unicamente de cuestións xurídicas e o habilita para rexeitar emitilas se a considera inoportuna⁶⁷. Na opinión de autores como Soroeta Liceras, un dos motivos de que se frustrase o proceso de descolonización foi o feito de que a C.I.X. aceptara realizar esta opinión consultiva solicitada por Marrocos co único obxecto de retrasar o referendo⁶⁸.

Unha vez comentadas as cuestións formais de máis relevancia, cómpre facer referencia ó fondo do asunto. En primeiro lugar, na opinión consultiva emitida polo dito tribunal analízase

⁶⁴ Barral Blanco e Ruiz Miguel, 2016, p.88

⁶⁵ Soroeta Liceras, 2001, p.96

⁶⁶ *Ibid.*

⁶⁷ Opinión individual do xuíz Petré, Asunto do Sáhara Occidental, C.I.X. Recueil 1975, p. 113

⁶⁸ Soroeta Liceras, 2001, p.98

o status deste territorio antes da colonización española. Así, a Corte determina que a colonización se levou a cabo a través de acordos coas tribos locais polo que se descarta totalmente que o Sáhara Occidental fose naquel momento “*terra nullius*”⁶⁹.

Partindo desta premisa, estuda a continuación os vínculos xurídicos existentes entre as tribos do Sáhara Occidental e o reino de Marrocos antes da colonización española. Conclúe que en efecto existían relacións xurídicas de lealdade entre o sultán e os caides dalgúns tribos sedentarias Tekna na rexión do Noun, mais opina que os lazos non eran o suficientemente fortes como para non aplicar o principio de libre determinación da resolución 1514 (XV). Mantén ademais que as faccións nómades Tekna eran completamente autónomas e só se sometían ós xefes da súa confederación. Outras tribos totalmente independentes eran os Aroussiyine, Ouled Dlim, Ouled Bou Sba, Ahel Barikalla e os Erguibat, que constituían a poboación maioritaria no territorio. Por outro lado, refuta tamén as alegacións de Marrocos que afirmaba que o xeque Malainin fundador da cidade de Smara, no norte do Sáhara Occidental, era un representante da autoridade do sultán⁷⁰.

No que respecta ós vínculos do “complexo mauritano” coas tribos do Sáhara Occidental, o tribunal considera que Mauritania non tiña por aquel entón unha personalidade colectiva diferenciada e que no momento da colonización non existía ningún vínculo de soberanía ou fidelidade entre as tribos de ambos territorios⁷¹.

Por último, a Corte conclúe que debe continuarse coa preparación do referendo de autodeterminación para que a poboación poida expresar de xeito libre e auténtico a súa vontade e así se poña fin á situación colonial do territorio.

Na doutrina internacional houbo diversas voces críticas que consideraron que esta foi unha ocasión perdida por parte da corte para esclarecer mediante a súa interpretación aspectos pouco claros da lexislación que regula o dereito á descolonización⁷². Interésanos especialmente traer a colación a opinión de Maurice Flory que estando de acordo co feito de que os vínculos que existían entre as tribos saharauís do Sáhara precolonial e o sultán de Marrocos non constituían un exercicio de soberanía por parte de Marrocos⁷³, coida que o Tribunal se debería ter estendido máis nas consecuencias da súa afirmación. Debería ter argumentado a súa

⁶⁹ *Ibid.*

⁷⁰ Barral Blanco e Ruiz Miguel, 2016, p. 90

⁷¹ Asunto del Sahara Occidental, Opinión consultiva, C.I.J., Recueil 1975, p. 46, párr.150

⁷² Carrillo Salcedo, 1976, p.49

⁷³ Flory, 1975, p.265

negación da preexistencia dunha unidade territorial precolonial tanto con Marrocos como con Mauritania e ter explicado máis polo miúdo por que neste caso non cabe un procedemento de retrocesión automática nin a aplicación do principio de integridade territorial proclamado na resolución 1514 (XV) parágrafo 6⁷⁴.

2.3 España como potencia administradora: Constitúen os acordos de Madrid do 14 de novembro de 1975 unha vía de descolonización?

A resolución 2072 (XX) do 16 de decembro de 1965 cualificaba a España como potencia administradora do Sáhara e recoñecía o dereito á autodeterminación da poboación autóctona. Esta consideración implicaba que España estaba obrigada a respectar os artigos 73 e 76 das Carta das Nacións Unidas e as resolucións 1514 (XV), 1541 (XV), 2625 (XXVI), 1314 (XIII), 44/84 (XLIV), 48/46 (XLVIII), 62/120 (LXII) e 62/113 (LXII), que recollían as obrigas das potencias coloniais. Así, España quedou obrigada a promover o benestar social, económico e educativo do pobo colonizado e a transmitir información estatística ó respecto. Ademais, en tanto que autoridade colonial, debería desenvolver o autogoberno do territorio e traspasar todos os poderes ó pobo colonizado sen condicións nin reservas, para permitirles decidir libremente nun referendo entre unha libre asociación, a integración noutro Estado ou acadar unha independencia absoluta. No que atinxe ó aspecto económico, España, tería a obriga de asegurarse de que as explotacións realizadas no Sáhara non prexudiquen os intereses da poboación autóctona e debería tomar medidas efectivas para garantir os dereitos inalienables do territorio non autónomo sobre os seus recursos naturais.

España pretendeu mediante os acordos celebrados en Madrid en 1975 desfacerse de todos estes deberes e desentenderse do problema⁷⁵ abandonando o Sáhara en 1975. Con todo, a meirande parte da doutrina internacionalista coincide en cualificar os acordos tripartitos de Madrid como un tratado internacional nulo por razón dos suxeitos que o celebraron, do seu obxecto, contido e efectos. A falta de validez destes acordos supón que España continúa a día de hoxe sendo a potencia administradora do territorio e que segue tendo responsabilidades co Sáhara Occidental a día de hoxe.

Analicemos polo miúdo as razóns polas que os acordos de Madrid se consideran nulos:

⁷⁴ *Ibid.*

⁷⁵ Esta idea queda reflexada na lei 40/1975, de 19 de novembro, sobre a descolonización do Sáhara (BOE núm. 278, de 20 de novembro de 1975)

Polo que atinxe a España podemos afirmar que non contaba con lexitimación activa para ceder o territorio, pois como potencia administradora non posuía a soberanía, que pertencía soamente ó Sáhara Occidental en tanto que territorio non autónomo. Por outra banda, os acordos de Madrid non foran “acordos de xestión” (que entran dentro das facultades das potencias administradoras), posto que o feito de que España se retirase permitindo a ocupación de Marrocos e Mauritania implica que deben ser considerados como “acordos de disposición”⁷⁶, e España non podía dispoñer libremente do Sáhara nin transmitir sequer a súa administración⁷⁷, algo que non permiten nin o artigo 73 da Carta das Nacións Unidas nin as resolucións da Asemblea Xeral⁷⁸.

Pola súa parte, Marrocos e Mauritania non estaban tampouco lexitimados para formar parte dos acordos, pois, como estableceu a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza, non tiñan vínculo ningún de soberanía sobre o Sáhara Occidental no momento da colonización española. Incluso, poderíase considerar que, coa súa participación nos tratados, violaron a resolución 2625 (XXV) que prohíbe obstaculizar o exercicio do dereito de autodeterminación dos pobos coloniais⁷⁹.

Polo que respecta ó obxecto destes acordos, contravense o deber de todos os Estados de cumprir as súas obrigas internacionais de boa fe, posto que o que se pretendía cos acordos dista moito do disposto no seu artigo 5 acerca do seu contido. Referímonos ó precepto que afirma que os propios acordos de Madrid buscan “a mellor contribución ó mantemento da paz e a seguridade internacionais”. Á vista está que isto resultou ser papel mollado, posto que a guerra que tivo lugar despois era previsible e o que se pretendía en realidade cos acordos de Madrid non era máis que dar cobertura a ocupación marroquí⁸⁰. Os acordos de Madrid son ademais nulos en tanto que violan o artigo 53 da Convención de Viena sobre dereito dos tratados, que se refire ós tratados que no momento da súa celebración se atopan en oposición cunha norma imperativa de dereito internacional xeral, como é o dereito á libre determinación dos pobos⁸¹. Son moitos os xuristas que consideran os acordos de Madrid contrarios ó *ius cogens*, é dicir, contrarios á disposición da Carta fundacional das Nacións Unidas e ás

⁷⁶ Soroeta Licerias, 2001, p. 153

⁷⁷ Unicamente, para apartarse do conflito España podería terse acollido ó artigo 77 c) da Carta que permite que as potencias administradoras transfiran ás Nacións Unidas, se así o desexan, as súas obrigas internacionais sobre os territorios non autónomos.

⁷⁸ Barbier, 1992, p.170

⁷⁹ Soroeta Licerias, 2001, p. 157

⁸⁰ *Ibid*

⁸¹ *Ibid*.

resolucións 1514 e 1541. Entre os que manteñen esta tese poderíamos citar por exemplo a Mariño Menéndez⁸², Clark⁸³ ou Vance⁸⁴,

Por outra banda, no que se refire ó contido dos acordos, despréndese a súa nulidade do feito de que negan a posibilidade dunha consulta á poboación: sen un referendo non se pode pretender levar a cabo a descolonización dun territorio, pois o pobo non pode expresar o seu consentimento e exercer o seu dereito á libre determinación.

Por último, os efectos que provocaron estes acordos constitúen un argumento máis para defender a súa nulidade, na medida en que provocaron unha situación de violación de Dereito Internacional que continúa a día de hoxe⁸⁵.

Unha vez analizados os argumentos da doutrina internacionalista a favor da nulidade dos acordos de Madrid, cómpre agora referirse á posición das Nacións Unidas con respecto a este tratado internacional. Pasemos a analizar dúas resolucións que emitiu a Asemblea Xeral cun contido contraditorio: por un lado, a resolución 3458 A que obrigaba a España a respectar o dereito á libre determinación da poboación autóctona do Sáhara Occidental. Por outro, a resolución 3458 B pedía o mesmo, mais interpelaba para facelo á administración temporal tripartita dos acordos de Madrid, é dicir a Marrocos, Mauritania e España (que fora pensada para xestionar o territorio ata que España se retirara completamente). Segundo Eduardo Trillo de Martín-Pinillos⁸⁶, non debemos considerar que a resolución 3458 B constituía unha aprobación destes acordos pola Asemblea Xeral, xa que en numerosas ocasións posteriores o dito órgano insistiu en que España continuaba a ser a potencia administradora do territorio. Este autor opina tamén que o feito de que o acordo de Madrid fose inscrito no Rexistro de Tratados das Nacións Unidas por tódolos asinantes non implica que este fose aceptado, pois a súa anotación non prexulga en absoluto a validez do acordo⁸⁷.

Cómpre engadir que existen varios documentos posteriores das Nacións Unidas que explicitamente se refiren a España como potencia administradora, por exemplo o informe Corell, que afirma que os acordos de Madrid non transferiron a soberanía sobre o territorio nin

⁸² Mariño, 1991, p.49

⁸³ Clark, 2009, p.47

⁸⁴ Vance, 1980, p.63

⁸⁵ *Ibid.*

⁸⁶ Trillo de Martín-Pinillos, 2009, p.81

⁸⁷ Resolucións 97/1, de 14 de decembro de 1946, 364 B-IV, de 1 de decembro de 1949, e 482-V, de 12 de decembro de 1950

a condición de Potencia administrativa. Poderíamos mencionar tamén un documento máis recente como o informe do Secretario Xeral á Asemblea Xeral de 2019 no mesmo sentido⁸⁸.

A pesar destas evidencias, actualmente España continúa sen facer fronte ás súas responsabilidades como potencia administradora do territorio. A súa posición perante o conflito podería cualificarse como neutra, en segunda liña⁸⁹.

3. O problema do Sáhara tras a retirada de España mediante os acordos de Madrid en 1975

Neste capítulo trataremos de analizar os acontecementos posteriores á retirada das tropas españolas trala invasión marroquí. Primeiro, referirémonos á situación actual do Sáhara Occidental e a súa poboación autóctona que aínda segue agardando a día de hoxe un referendo de autodeterminación. Despois, deterémonos no estudo dos plans de acción das Nacións Unidas para promover a descolonización do Sáhara.

3.1 Situación actual do Sáhara Occidental

O pobo saharauí atópase actualmente espallado por distintos lugares e baixo situacións moi diversas: en primeiro lugar, debemos prestar especial atención ó territorio ocupado baixo dominio marroquí e ó respecto ós dereitos humanos. En segundo lugar, á fundación da República Árabe Saharauí Democrática e o seu recoñecemento internacional. Por último, a cuestión de se posúen ou non a nacionalidade española os saharauís que vivían na colonia.

3.1.1 Territorio ocupado por Marrocos

A ocupación marroquí non supuxo ningún cambio na natureza xurídica do Sáhara Occidental que continúa sendo, a día de hoxe, un Territorio non Autónomo⁹⁰ e o papel de potencia administradora segue a corresponder unicamente a España. Non obstante o reino de

⁸⁸ A/RES/74/97 (2019)

⁸⁹ A este respecto, podemos mencionar un fito curioso que aconteceu en 1983, ano no que o por aquel entón ministro de Asuntos Exteriores, Fernando Morán, declarou que non consideraba necesario denunciar os acordos de Madrid porque na súa opinión non estaban xa en vigor. Baseaba o seu argumento en que a administración tripartita do territorio, que prevían nese pacto, nunca tivera lugar na práctica. Recuperado de *Actividades, textos y documentos de la Política Exterior Española*, Ministerio de Asuntos Exteriores, Madrid, 1983, p.100.

⁹⁰ Badía Martí, 2013, p.69

Marrocos ocupou e administra o territorio *de facto* sen respectar as disposicións do dereito internacional.

A cualificación do Sáhara Occidental como territorio ocupado extráese das definicións que achega o Dereito Internacional. O concepto de ocupación do IV Convenio da Haia relativo ás leis e costumes da guerra terrestre de 1907⁹¹, foi ampliado polo IV Convenio de Xenebra relativo á protección debida ás persoas civís en tempo de guerra de 1949, que se completa co Protocolo I de 1977. O artigo 2.1 do IV Convenio de Xenebra enuncia o *principio de efectividade* polo que o réxime de ocupación militar se aplica independentemente do recoñecemento do estado de guerra polos belixerantes. Ademais engádese que é aplicable tamén cando a dominación estranxeira non resultou dun conflito armado, é dicir desvincula o réxime de ocupación do fenómeno bélico.

Esta lexislación está enfocada a protexer á poboación autóctona e ós recursos naturais do territorio ocupado. O IV Convenio de Xenebra nos artigos 47-68 establece como obrigas da potencia ocupante entre outras facilitar a tarefa das organizacións humanitarias, manter en vixencia as leis do territorio ocupado e a prohibición de deportacións e asentamentos de colonos.

Aínda que a situación descrita semella encaixar perfectamente no caso do Sáhara Occidental, sorprende que sendo Marrocos parte do IV Convenio de Xenebra nunca se lle solicitase dende instancias internacionais o cumprimento das obrigas citadas.

Pola súa banda, as Nacións Unidas só se pronunciaron claramente nun par de ocasións⁹² con respecto á ocupación na Asemblea Xeral de 1979⁹³, solicitando a Marrocos que lle puxese fin e no ditame do Subsecretario Xeral das Nacións Unidas e Asesor Legal da Organización, Dr. Hans Corell dirixido ó presidente do Consello de Seguridade. Segundo este último Marrocos leva administrando de facto o territorio non autónomo por si só, aínda que non figura como potencia administradora na lista de territorios non autónomos das Nacións Unidas⁹⁴.

⁹¹ O artigo 42 do regulamento anexo define ocupación como a submisión efectiva (de facto) dun territorio e a súa poboación á autoridade dun exército inimigo.

⁹² *Ibid.*

⁹³ A/RES/34/37

⁹⁴ Ruiz Miguel, 2010, p.323

3.1.2 Os dereitos humanos no territorio ocupado

Temos que diferenciar os crimes cometidos durante a guerra (1976-1992) entre Marrocos e a Fronte Polisario e as vulneracións dos dereitos humanos por parte de Marrocos no territorio como potencia ocupante. As obrigas de Marrocos en relación coa protección dos dereitos humanos no territorio ocupado veñen establecidas nos artigos 47-68 do IV Convenio de Xenebra.

Está probado que durante a guerra se produciron numerosas violacións dos Dereitos Humanos: “violación de domicilios, desaparicións forzosas, detencións ilegais masivas e secuestros en centros clandestinos de detención e tortura, asasinatos de familias enteiras, cruentas torturas practicadas, en ocasións, ata a morte e agresións sexuais a mulleres con especial perversidade dende a perspectiva de xénero”⁹⁵. Os cadáveres foron soterrados en fosas comúns sen identificación algunha ou lazados dende helicópteros no medio do deserto.

Marrocos, con asesoramento israelí, construíu un muro para separar o territorio que ocupara das zonas desérticas liberadas pola Fronte Polisario. Na berma colocou minas antipersoa para evitar a fuxida da poboación saharauí ós territorios limítrofes.⁹⁶ Así, oculto tras as súas murallas, leva controlando dende entón a todas as persoas saharauís, perseguindo especialmente ás que neguen que as terras de Rio de Ouro e Saguia el Hamra forman parte do gran Marrocos, e se resultan feridos, detéñenos e néganlles atención médica. Incumpre así a obriga de permitir o envío de artigos médicos e obxectos empregados para o culto relixioso; abastecer á poboación alimentos e artigos médicos necesarios e manter os establecementos médicos e de saúde pública e cando iso non sexa posible, deberán facilitar os envíos de socorro por parte de organizacións humanitarias imparciais, como o C.I.C.R. e permitirse que a Cruz Vermella ou outras organizacións imparciais de socorro humanitario autorizadas polas partes do conflito continúen coas súas actividades⁹⁷.

En segundo lugar, queda prohibida calquera destrución pola potencia ocupante de bens mobles ou inmobles, pertencentes individual ou colectivamente a persoas particulares ou ao Estado, ou a outras autoridades públicas, a organizacións sociais ou cooperativas, excepto cando tales destrucións sexan absolutamente necesarias por mor das operacións militares.

⁹⁵ Ollé Sesé, 2013, p. 343

⁹⁶ Opinión Consultiva de la Corte Internacional de Xustiza sobre as consecuencias xurídicas da construción dun muro no territorio palestino ocupado, do 9 de xullo de 2004

⁹⁷ Ollé Sesé, 2013, p. 343

Ademais, quedan prohibidos os traslados en masa ou individuais, así como as deportacións de persoas protexidas do territorio ocupado ao territorio da potencia ocupante ou ao de calquera outro país, ocupado ou non sexa cal for o motivo e a potencia ocupante non poderá deportar ou transferir partes da súa propia poboación civil ao territorio que ocupa. Marrocos levou a cabo unha política de asentamentos, fomentando a afluencia sistemática de inmigrantes e vulnerando o mencionado IV Convenio de Xenebra⁹⁸. Con esta política a potencia ocupante pretende modificar as cifras do censo incrementando os votantes claramente pro-marroquí.

As potencias ocupantes son tamén responsables de que as autoridades públicas podan continuar cumprindo as súas funcións; fomentar, coa cooperación das autoridades nacionais e locais, o bo funcionamento dos establecementos dedicados á atención e educación dos nenos e de que as leis do territorio ocupado permanezan en vixencia salvo que presenten unha ameaza para a seguridade.

A día de hoxe, continúan producíndose secuestros, torturas, saqueos, detencións ilegais e séguese privando a estas persoas do dereito fundamental de todo individuo a un xuízo xusto⁹⁹. No territorio ocupado está prohibido expresamente ademais recorrer ós tribunais para coñecer o destino dos familiares desaparecidos. Na última década, o reino de Marrocos puxo en marcha o se chama “solución xudicial á oposición marroquí”, que consiste en imputar delitos ficticios non cometidos ás persoas que defenden os dereitos humanos e reclaman que deben cumprirse as resolucións das Nacións Unidas. Ademais, constitúe unha práctica común o sometemento de civís a tribunais militares: na evacuación do campamento de Gdeim Izik en 2010, centos de persoas foron detidas e algunhas morreron. En concreto un grupo de 24 persoas foi enviado a Rabat para ser xulgados por un tribunal militar, incumprindo as disposicións do artigo 76 do Convenio de Xenebra, que obriga a non trasladar a cidadáns fora do territorio ocupado no que foron detidos e o artigo 127 da propia Constitución marroquí que prohibe os tribunais de excepción¹⁰⁰.

Cómpre recordar que o reino de Marrocos asumiu compromisos internacionais de respectar os Dereitos Humanos¹⁰¹. Non obstante, este compromiso cae en saco roto polo feito

⁹⁸ Riquelme, 2012, p. 212

⁹⁹ González Vega, 2013

¹⁰⁰ Martín Morillo e Arbesú Sancho, 2013, p. 245

¹⁰¹ Segundo a base de datos das Nacións Unidas, Marrocos é parte do Convenio para a prevención e castigo do crime de xenocidio dende 1958, do convenio para a eliminación de todas as formas de discriminación racial que

de que habitualmente o control redúcese a remitir informes periódicos. As observacións do Comité de Dereitos Humanos e o de Dereitos económicos, sociais e culturais veñen avisando das numerosas vulneracións destes convenios e de que os informes que Marrocos remite do seu país tratan de minimizar as cuestións relacionadas cos dereitos humanos. Neles o Sáhara Occidental só se trae a colación para manifestar que apoian unha resolución do conflito que respecte “a soberanía nacional de todo o territorio marroquí” e aluden ó Plan de Autonomía¹⁰².

Ademais, Marrocos, mediante o establecemento de reservas a ditos tratados, impide ás persoas o acceso ós mecanismos de reclamación individuais existentes, e non permite o acceso a unha ningunha outra vía de denuncia alternativa ó dereito interno. Deste xeito, non considera á Corte Internacional de Xustiza competente para establecer a responsabilidade internacional de Marrocos polos crimes cometidos polos seus nacionais, por exemplo nun caso de torturas¹⁰³.

Ante esta situación, a Fronte Polisario solicitou en numerosas ocasións que a M.I.N.U.R.S.O. amplíe as súas competencias á vixilancia dos dereitos humanos na zona ocupada. Se non se fixo ata o de agora é pola oposición do Estado Francés, membro permanente do Consello de Seguridade que protexe ó reino de Marrocos¹⁰⁴.

3.1.3 É a R.A.S.D. un Estado?

A República Árabe Saharauí Democrática foi proclamada a noite do 27 de febreiro de 1976 pola Fronte Polisario, no momento en que España abandona a colonia e como resposta á ocupación marroquí.

O costume internacional esixe que os Estados posúan catro elementos: un territorio, poboación, soberanía e goberno efectivo. Vexamos se a R.A.S.D. cumpre estas características.

ratificou en 1970, do Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais, do Pacto internacional de dereitos civís e políticos, dende 1979 do Convenio internacional para a eliminación de todos os xeitos de discriminación contra a muller ó que se adheriu en 2010, do Convenio contra a tortura e outros tratos crueis, inhumanos e degradantes dende 1993, do Convenio dos dereitos do neno e os seus protocolos facultativos sobre participación en conflitos armados, tráfico de nenos, prostitución infantil e pornografía infantil, ó que se adheriu dende 1997, o convenio sobre dereitos das persoas con discapacidade, ratificado en 2009, do Convenio internacional para a protección dos dereitos dos traballadores inmigrantes e os membros das súas familias dende 1993 e tamén , por último, do Convención internacional para a protección de todas as persoas contras as desaparicións forzadas que ratificou en 2013.

¹⁰² González Vega, 2013,p. 87

¹⁰³ *Ibid.*

¹⁰⁴ *Ibid.*

Para considerar a República Árabe Saharauí Democrática un Estado o elemento máis discutido é que conte cun territorio sobre o que exercer a súa soberanía. Con todo, autores como Ruiz Miguel¹⁰⁵ argumentan que conta cun espazo físico sobre o que exercita en plenitude a propia potestade de goberno, o chamado “territorio liberado”. En efecto, a Organización das Nacións Unidas constatou en numerosas ocasións a división do Sáhara Occidental en dúas partes, a ocupada por Marrocos e a controlada pola R.A.S.D. En concreto atopamos referencias ó dominio saharauí ó leste do muro no Plan de Paz e en informes do Secretario Xeral¹⁰⁶. Ademais, cabe destacar que existe unha práctica internacional de recoñecer Estados que non dominan aínda todo o territorio que corresponde ás súas fronteiras como Bosnia-Hercegovina ou Croacia¹⁰⁷, (se ben é certo que se trata de recoñecementos prematuros que se deben principalmente a intereses políticos).

No que se refire á poboación, ademais do exército saharauí, existen algunhas tribos, (Bir Lehlu, Bir Tigissit, Tifariti, Mehairis, Miyek), que están asentadas no territorio liberado ou levan aló unha vida nómade¹⁰⁸. A R.A.S.D. exerce plenamente a súa soberanía sobre esta poboación e sobre o resto da poboación saharauí que se atopa asentada temporalmente nos territorios alxerinos cedidos para os campos de refuxiados¹⁰⁹.

Pola súa banda, a soberanía do Sáhara Occidental, en tanto que territorio non autónomo, pertence á súa poboación autóctona tal e como recoñece a resolución 2072 (XX) do 16 de decembro de 1965, entre outras.

Pódese constatar tamén a existencia do cuarto elemento: un goberno propio ou vínculo xurídico que exercen en exclusiva as autoridades da R.A.S.D. sobre dous dos elementos anteriores: o territorio e a poboación. Así se reflexa no desenvolvemento das súas funcións na esfera interna e nas relacións que mantén con outros suxeitos do dereito internacional na esfera externa. Nesta liña, a R.A.S.D. impulsou dende un primeiro momento unha forte labor diplomática e conseguiu ser recoñecida por 84 países do mundo, se ben é certo que na actualidade son tan só 46. Isto débese a que 30 deles cancelaron dito recoñecemento e 8 o suspenderon a causa das súas cambiantes relacións con Marrocos. O dereito internacional considera que o recoñecemento é irrevogábel polo que esta práctica resulta cando menos

¹⁰⁵ Ruiz Miguel, 2018, p.201

¹⁰⁶ Ruiz Miguel, 2001

¹⁰⁷ *Ibid*,

¹⁰⁸ Ruiz Miguel, 2018, p.201

¹⁰⁹ Ruiz Miguel, 2001

polémica¹¹⁰. Ademais, cómpre destacar que a R.A.S.D. foi membro da O.U.A. dende 1984, ano no que Marrocos abandonou a organización esixindo a expulsión da R.A.S.D, e que dende o ano 2000 forma parte da Unión Africana en calidade de membro fundador, á que se uniu tamén Marrocos no 2017.

É imprescindible aquí deterse no concepto de recoñecemento. En función da súa natureza podemos falar de recoñecemento declarativo, o que constata a existencia dun Estado, e o recoñecemento constitutivo que aumenta a capacidade de acción do novo Estado no plano internacional. Hoxe en día considérase que o recoñecemento dun novo Estado é declarativo pero, en tanto que acto político, o recoñecemento ten tamén unha implicación política: Ruiz Miguel afirma que o recoñecemento da R.A.S.D. por parte doutros Estados constitúe unha garantía do respecto dos dereitos internacionalmente recoñecidos ó pobo do Sáhara Occidental¹¹¹.

O presidente sudafricano, Thabo Mbeki, abunda nesta idea nunha carta, dirixida ó rei de Marrocos, datada o 1 de agosto de 2004. A misiva, comeza lembrando que os membros da comunidade internacional teñen a responsabilidade de rexeitar toda violación do dereito internacional, polo que considera que Sudáfrica non debe apoiar a decisión de Marrocos de non respectar as resolucións das Nacións Unidas e negar o dereito internacionalmente recoñecido á autodeterminación e independencia do pobo do Sáhara Occidental¹¹². Considera que recoñecer a R.A.S.D. como Estado, e dar así cumprimento parcial ó dereito de libre determinación do pobo saharauí, é a mellor vía para manifestar o rexeitamento cara a postura ,do reino alauí¹¹³.

Neste sentido, para Ruiz Miguel o feito de que Marrocos solicitase a súa adhesión á Unión Africana en xaneiro de 2017 sen ningún tipo de reserva, fai que estea comprometido a respectar a “soberanía, integridade territorial e independencia” dos Estados membros desta organización entre os que, como xa dixemos anteriormente, se atopa a R.A.S.D. Con todo, Marrocos continúa negando o dereito á libre determinación do pobo saharauí¹¹⁴.

¹¹⁰ Algúns deles son Estados parte da Convención de Dereitos e Deberes dos Estados, firmada en Montevideo o 26 de decembro de 1933, que establece no seu artigo 6 que: “o recoñecemento dun Estado meramente significa que o que o recoñece acepta a personalidade do outro con todos os dereitos e deberes determinados por el Dereito Internacional. O recoñecemento é incondicional e irrevogable”.

¹¹¹ Ruiz Miguel, 2018, p.201

¹¹² *Ibid.*

¹¹³ *Ibid.*

¹¹⁴ *Ibid.*

Pese a todo o dito anteriormente, tal e como afirma Soroeta Licerias¹¹⁵, referirnos ó Sáhara Occidental como un Estado pode non ser axeitado dende o punto de vista xurídico. Este autor defende que mais ben estamos ante a existencia dun “proto-estado” que se conseguise completar o proceso de autodeterminación e fixese efectivos os seus poderes sobre o territorio, adquiriría a condición de Estado. Nesta liña, Barbier¹¹⁶ defende que o Sáhara é un “Estado en vías de formación que loita pola súa existencia”.

3.1.4 Que nacionalidade teñen os saharauís para España?

Este tema está de plena actualidade, posto que o Tribunal Supremo se manifestou recentemente nunha sentenza 207/2020 de 29 de maio de 2020. A meirande parte dos maxistrados consideran que o Sáhara Occidental, en tanto que colonia, non formaba parte do Estado español entendido como unidade nacional e que, por tanto, a poboación saharauí non tivo nunca a nacionalidade española. Así, o Tribunal constrúe o seu razoamento dende a premisa de que os saharauís non posuían a nacionalidade española de orixe, polo que non lles sería de aplicación o artigo 17.1 c) do Código Civil. O tribunal, fai aquí unha interpretación harmónica coa xurisprudencia da Sala 3ª que considerou en varias ocasións apátridas ós saharauís.

O tribunal resolve aquí un recurso de casación dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares que recoñecía a nacionalidade española de orixe a unha señora nacida no Sáhara durante a época colonial. O Supremo baséase no decreto 2258/1976, emitido no marco da lei 40/1975 de descolonización do Sáhara, do que se desprendía que España non consideraba ós saharauís como nacionais, e aínda que como potencia administradora España non tiña obriga de concederlles a nacionalidade, concedíáselles unha oportunidade para acadala no prazo dun ano. Polo tanto non consideran que os saharauís fosen ata ese momento españoles, senón que tratan ó Sáhara Occidental como un territorio a descolonizar.

Cabe destacar o voto particular de 3 maxistrados, D.^a M.^a Ángeles Parra Lucán, D. Antonio Salas Carceller e D. Rafael Sarazá Jimena, que aceptan a premisa de que os saharauís si contaban con nacionalidade española de orixe, e sosteñen que o decreto de 1976 carecía de validez porque supoñía unha privación da cidadanía por un motivo que non contemplaba o Código Civil. Insisten en que naquela época estas persoas podían formar parte das Cortes do

¹¹⁵ Soroeta Licerias, 2001, p.94

¹¹⁶ Barbier, 1984

Réxime, do exército, ser funcionarios e contaban con DNI e documentos reservados a persoas con nacionalidade española.

Carlos Ruiz Miguel, pola súa banda, esgrime outros argumentos tamén en contra da sentenza 207/2020. Segundo el, a interpretación do Tribunal Supremo non é harmónica coa sentenza emitida por esa mesma sala o 28 de outubro de 1998, que no seu fundamento xurídico oitavo afirmaba que a efectos de nacionalidade o Sáhara debía ser considerado territorio español¹¹⁷. Neste fundamento xurídico deféndese unha interpretación do artigo 17 do Código Civil favorecedora do *ius soli* que intenta reducir ó mínimo os supostos de persoas apátridas¹¹⁸.

Hai que ter en conta a este respecto que o Dereito Internacional que non obrigan a outorgar a nacionalidade á potencia administradora non están pensadas para un caso como o que nos ocupa, no que despois de 40 anos do abandono da colonia non se produciu aínda unha descolonización axustada ó dereito internacional. O prazo dun ano para reclamar a nacionalidade española que establece o RD 2258/1976 parece claramente insuficiente dado que o territorio nese momento estaba en situación de guerra.

Os saharauís están considerados a día de hoxe como apátridas en España, tal e como se extrae da xurisprudencia do Tribunal Supremo que parte dunha sentenza da sección quinta da Sala do Contencioso Administrativo de 20 de novembro de dous mil sete.¹¹⁹ Nesta sentenza o que se constata é a falta de nacionalidade das persoas saharauís recoñecéndolles o estatuto legal de apátridas. Esta consideración ten un carácter provisional posto que deixaría de ter validez cando se celebrase por fin o referendo de autodeterminación. O tribunal descarta previamente que posúan nacionalidade española baseándose no Decreto 2258/1976, emitido no marco da lei 40/1975 de descolonización do Sáhara. Para negar tamén a posibilidade de que este pobo sexa considerado de nacionalidade marroquí ou mauritana, o tribunal apela o citado ditame da Corte Internacional de Xustiza que descarta a existencia de vínculos entre o reino de Marrocos e Mauritania e o pobo saharauí antes da colonización española. Por outra banda, o supremo considera que aínda que a lexislación marroquí recoñecese a nacionalidade deste colectivo, isto non sería relevante porque os saharauís non queren ser nacionais do Estado que está ocupando as súas terras. Por último, desbota tamén a posibilidade de que os saharauís opten pola

¹¹⁷ Desde-el-Atlantico [DesdelAtlantico] (4 xuño 2020). Recuperado de: <https://noteolvidesdelsaharaoccidental.org/carlos-ruiz-miguel-analiza-la-sentencia-del-ts-negando-la-nacionalidad-espanola-de-origen-a-los-nacidos-en-el-sahara-espanol-sahara-occidental-hoy> (06/06/2020)

¹¹⁸ Ruiz Miguel, 1999, p.6

¹¹⁹ Sentenza sección 5ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, recurso de casación nº 10.503/2003, do 20 de novembro de dous mil sete. Poñente: maxistrado D. Rafael Fernández Valverde.

nacionalidade alxerina pois só están establecidos nese territorio en campos de refuxiados por razóns humanitarias. Para os saharauís esta negación da súa nacionalidade marroquí, mauritana, alxerina ou española e o outorgamento do estatuto de apátridas supón un recoñecemento digno da súa actual situación.

Para chegar a estas conclusións, o tribunal tivo en conta a lexislación supranacional, concretamente o artigo 15 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos que recolle que toda persoa ten dereito a unha nacionalidade e que ninguén será privado arbitrariamente dela nin do dereito a cambiala. Para dar solución xurídica ás persoas que carecen de nacionalidade nace a Convención sobre o Estatuto dos Apátridas do 28 de setembro de 1954 á que España se incorporou o 24 de abril de 1997. No seu artigo 1.1 defínese ós apátridas como aquelas persoas que non son consideradas como nacionais de ningún estado conforme á súa lexislación.

No que se refire ás leis españolas dedicadas a tratar esta condición, contamos coa lei orgánica 8/2000 do 22 de decembro, de modificación da lei orgánica 4/2000 e o regulamento correspondente aprobado polo real decreto 865/2001 de 20 de xullo. O tribunal, tras a análise destas disposicións concluíu que os afectados simplemente deben “manifestar carecer de nacionalidade” sen que sexa necesario acreditar que un país non os recoñece como cidadáns. Ademais, insta ó Ministro do interior a expedir os documentos correspondentes¹²⁰.

Dun xeito ou outro o certo é que a día de hoxe os cidadáns saharauís son considerados como apátridas en España. Esta complicada situación xurídica desaparecería se España recoñecese a R.A.S.D. como Estado e a nacionalidade saharauí dos seus habitantes. Así, poderíanse tamén establecer relacións diplomáticas que axudarían posiblemente a rematar o proceso de descolonización.

3.2 Explotación dos recursos naturais e o dereito á libre autodeterminación do Sáhara

O territorio ocupado do Sáhara Occidental é rico en fosfatos e pesca e posúe tamén reservas de hidrocarburos. Tras ocupar o territorio Marrocos comezou a explotar economicamente as terras e os recursos pesqueiros do Sáhara e así o continúa facendo a día de hoxe. Fagamos un pouco de historia da súa explotación:

¹²⁰ Canivell Fradua, J., 2013, p. 258

A poboación autóctona do Sáhara levou historicamente un estilo de vida nómade e vivía da gandaría transhumante e da pesca. España, nun primeiro momento estivera centrada no seu protectorado do norte de Marrocos e no Sáhara contaba só con dispositivos militares debido ós seus limitados recursos. Foi a partir da década dos 50, cando se empezou a buscar petróleo e fosfato e a desprazar poboación civil a esa zona. Desenvolvéronse infraestruturas, institucións e lexislacións propias para o Sáhara e fomentouse a sedentarización da poboación local. A este respecto promulgáronse dúas leis: a de Organización e Réxime Xurídico das Provincias Africanas, do 30 de xullo de 1959 e a lei sobre Organización e Réxime Xurídico da Provincia do Sáhara de 19 de abril de 1961. A empresa máis importante da época colonial española foi a Empresa Nacional Mineira do Sáhara (E.N.M.I.N.S.A.), que descubriu en 1963 as minas de fosfatos de Bucráa, lugar que deu pé ó cambio de nome da empresa en 1968 a Fosbucráa S.A.

Como mencionei anteriormente, mediante os acordos de 1975, España cedeu ilegalmente a Marrocos e Mauritania a administración da colonia. Este pacto incluía tamén a explotación dos recursos naturais e a transferencia do 65% das accións de Fosbucráa á empresa pública marroquí Office Chérifien des Phosphates (O.C.F. No que respecta ó 35% do capital restante de Fosbucráa, cómpre sinalar que Instituto Nacional de Industria (I.N.I.) mantivo esas accións das que se foi desfecendo ó longo da década dos noventa e abandonou definitivamente en 2002¹²¹. En 2016, os fosfatos constituían o 20,2% das exportacións de Marrocos. En 2014 colocouse como segundo produtor mundial debido a que o reino dispón do 72,46% das reservas globais, en concreto conta con dúas minas no seu territorio soberano e a ocupada de Bucráa no Sáhara¹²². Western Sahara Resources Watch afirma que o número de saharauís traballadores nesta empresa descendeu dende practicamente o noventa por cento na época colonial española ata unha porcentaxe de en torno ó dez por cento na actualidade¹²³.

En canto ós hidrocarburos, actualmente o país magrebí explota os oito campos do Sáhara Occidental a través da súa empresa pública “Office Nationale des Hydrocarbures et des Mines” (O.N.H.Y.M.) e de concesionarias independentes con sede en paraísos fiscais. Non temos ningunha información sobre os propietarios do seu capital.

¹²¹ BOE nº 295,18 de xuño de 1998.

¹²² Barona Castañeda e Gamaliel Arenas,2016, p.165

¹²³ *Ibid.*

Por último, é economicamente relevante a explotación pesqueira das augas territoriais do Sáhara Occidental con destacados portos pesqueiros como o do Aaiún e o de Dajla. Os seus caladoiros están cheos de recursos e a tempada de pesca está aberta todo o ano.

3.2.1 Quen pode explotar os recursos do territorio segundo o Dereito Internacional?

Marrocos non pode explotar os recursos do territorio ocupado, pois esa potestade queda reservada ó pobo saharauí, en tanto que titular do dereito á libre determinación, entendida no seu aspecto económico.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas creou o doce de decembro de 1958 a Comisión de Soberanía Permanente sobre os Recursos Naturais coa misión de que estudase a situación das colonias aínda pendentes de exercer o seu dereito á libre determinación. Diversas resolucións relativas á cuestión da explotación dos recursos naturais de territorios non autónomos especifican que a poboación destes territorios posúe un dereito inalienable sobre os seus recursos naturais en tanto que soberanos dos mesmos. Así o establece por exemplo, a resolución 626 (VII) que di textualmente: “o dereito dos pobos a dispoñer e explotar libremente as súas riquezas e recursos naturais é inherente á súa soberanía, establecéndose como unha contrapartida económica ó dereito político da independencia”¹²⁴. Neste sentido pronúncianse tamén outras resolucións: a 1514 (XV) sobre a concesión de independencia dos países e pobos coloniais; a resolución 1803 (XVII), que establece que a violación dos dereitos soberanos dos pobos, entre os que se inclúe a explotación dos seus recursos, é contraria ós principios da Carta¹²⁵; o Pacto Internacional dos Dereitos económicos, sociais e culturais da resolución 2020 (XX), nos que se afirma que “en ningún caso poderá privarse a un pobo dos seus propios medios de supervivencia”¹²⁶ e a resolución 46/64 do 12 de decembro de 1991, que dispón que aquela potencia ocupante que prive á poboación autóctona de explotar os seus propios recursos, está incumprindo as súas obrigas coas Nacións Unidas¹²⁷.

O 29 de xaneiro de 2002 o Subsecretario Xeral de Asuntos Xurídicos e Asesor Legal das Nacións Unidas, Hans Corell, emitiu un famoso informe¹²⁸ no que ditamina que a explotación de recursos no territorio ocupado é ilegal se non é acorde coa vontade e intereses

¹²⁴ A/RES/626 (VII)

¹²⁵ A/RES/1803 (XVII)

¹²⁶ A/RES/2020 (XX)

¹²⁷ A/RES/46/64 (1991)

¹²⁸ S/2002/161

do pobo saharauí e os seus representantes. Este informe destaca a importancia que ten o consentimento da poboación para poder levar a cabo a explotación de recursos: “de seguir levándose a cabo sen atender ós intereses e desexos do pobo do Sáhara Occidental, infrinxiríanse os principios xurídicos internacionais aplicables ás actividades relacionadas cos recursos minerais nos territorios non autónomos”.

A maiores, a principios deste ano 2020 España e o reino marroquí iniciaron unha disputa que pode dificultar as relacións entre Marrocos e a Unión Europea e afecta directamente ó Sáhara Occidental¹²⁹. O 22 de xaneiro a cámara baixa do Parlamento Marroquí aprobou dúas leis nas que expandía as fronteiras marítimas do país para incluír no seu ordenamento do territorio as augas saharauís. A súa pretensión é explotar un antigo volcán chamado Tropic, con gran contido en telurio, un mineral de importancia para a fabricación dos paneis solares e coches eléctricos. España, en 2009 xa presentara unha petición para ampliar a súa plataforma continental e así poder extraer eses recursos.

No mes de abril de 2020, ante a publicación das leis aprobadas no Boletín oficial marroquí, o senador da Gomera do grupo mixto Fabián Chinea rexistrou na Cámara Alta unha iniciativa parlamentaria para solicitar ó Ministerio de Exteriores que denuncie na O.N.U. a decisión de Marrocos.

Na miña opinión estas leis marroquís supoñen un ataque máis ó pobo soberano do Sáhara Occidental e unha nova violación dos seus dereitos, pois Marrocos non pode continuar atribuíndose a explotación dos recursos naturais do Sáhara en beneficio propio. Un gran muro con minas antipersona separa parte dos saharauís dos lugares onde se atopan as súas fontes de recursos e os condena a vivir da axuda humanitaria no medio do deserto e resulta claro, por tanto, que Marrocos está incumprindo as súas obrigas coa comunidade internacional pois leva varias décadas beneficiándose economicamente das terras ocupadas e privando á poboación saharauí dos seus medios de supervivencia. As accións de Marrocos tampouco aproveitan á poboación saharauí residente no territorio ocupado xa que non hai evidencias de que esta actividade beneficie á poboación local e non existe ningunha esixencia de atribuír preferencia nos empregos á poboación autóctona¹³⁰.

¹²⁹ Francisco F.(01-04-2020) Marruecos publica en su Boletín Oficial las dos leyes de extensión de fronteras marítimas, *El País*. Recuperado en: <https://elpais.com/espana/2020-04-01/marruecos-publica-en-su-boletin-oficial-las-dos-leyes-de-extension-de-fronteras-maritimas.html>

¹³⁰ Ruiz Miguel, 2010, p.328

Polo que respecta a España como potencia administradora, a Asemblea Xeral tamén se pronunciou acerca de se as potencias administradoras poden explotar os recursos naturais dos territorios non autónomos. Na resolución A/RES/44/84 dispónse que non se debe privar “ós pobos coloniais do exercicio dos seus lexítimos dereitos sobre os seus recursos naturais”, nin subordinar “os dereitos e intereses deses pobos aos intereses económicos e financeiros”. Iso suporía unha violación das obrigacións que contraeu España ó asinar a Carta das Nacións Unidas¹³¹.

Con todo, esta semella ser a situación actual: España pretende beneficiarse xunto con Marrocos dos recursos pesqueiros do Sáhara posto que propiciou e participou no Acordo pesqueiro asinado en 2006 entre a Unión Europea e Marrocos que inclúe as augas do Sáhara Occidental¹³². España tampouco se opuxo nunca formalmente ó comercio de empresas españolas, como “FMC Foret” que importa fosfatos do Sáhara¹³³, con empresas marroquís que explotan o territorio ocupado.

Outra resolución das Nacións Unidas establece que as potencias administradoras interesadas deben adoptar “medidas eficaces para salvagardar e garantir o dereito inalienable dos pobos dos territorios coloniais e non autónomos respecto dos seus recursos naturais e o seu dereito para establecer e manter o control sobre a explotación deses recursos no futuro”¹³⁴. Ademais, pídese ás potencias administradoras que “adopten todas as medidas necesarias para protexer os dereitos de propiedade dos pobos dos devanditos territorios”¹³⁵. Por último, a Asemblea Xeral tamén exhorta ás potencias administradoras “a velar por que a explotación dos recursos mariños e demais recursos naturais dos territorios non autónomos que se atopan baixo a súa xurisdición, non contraveña as resolucións pertinentes das Nacións Unidas e non afecte negativamente os intereses dos pobos deses Territorios”¹³⁶. Dado que España abandonou este territorio en 1976 dando por rematada a súa administración, non cumpriu con ningún destes deberes, nin reclamou tampouco no seo das Nacións Unidas que se protexesen os dereitos da poboación autóctona.

¹³¹ A/RES/44/84

¹³² Ruiz Miguel, 2010, p.328

¹³³ *Ibid.*

¹³⁴ A/RES/48/46

¹³⁵ *Ibid.*

¹³⁶ A/RES/62/113

3.2.2 A explotación dos recursos naturais do Sáhara Occidental no marco das relacións comerciais entre a U.E. e o Reino de Marrocos

A U.E. ten a obriga de non recoñecer o Sáhara como parte de Marrocos e de atender ó mandato da resolución 2625 (XXV) que pide ós Estados membros da O.N.U. que se absteñan de calquera acto que prive ós pobos do seu dereito á libre determinación. Así se indica no proxecto da C.D.I. sobre responsabilidade internacional dos Estados, concretamente no artigo 41, que recolle do dereito internacional consuetudinario a obriga de non recoñecer un acto como legal cando vai en contra dunha norma imperativa¹³⁷. Este é o caso das resolucións relativas ó dereito á autodeterminación e independencia dos pobos, como recoñece, por exemplo, o ditame consultivo da T.I.X. de 2004 que afirma que o dereito á libre determinación ten carácter de *ius cogens*¹³⁸.

A U.E. exerceu sempre unha gran influencia na rexión do Magreb, especialmente no caso de Marrocos, que dende a súa independencia estivo sempre interesado en manter relacións ca Unión, coa que ten unha grande interdependencia económica. Asináronse numerosas relacións contractuais das que pode deducirse a falta de compromiso da U.E. para garantir o ordenamento internacional e o cumprimento do dereito á libre determinación do pobo saharauí, na medida en que eses acordos permiten a explotación dos recursos pesqueiros de augas saharauís¹³⁹.

Entre os acordos aprobados entre Marrocos e a Unión Europea figuran os seguintes:

1) En primeiro lugar o Acordo Euromediterráneo, polo que se establece unha asociación entre a Comunidade Europea e os seus estados membros e o Reino de Marrocos, firmado en Bruxelas o 26 de febreiro de 1996 (Acordo de Asociación), aprobado pola Decisión 200/2014/CE, C.E.C.A., do Consello e da Comisión, de 24 de xaneiro do 2000 que entrou en vigor o 1 de marzo dese mesmo ano.

2) En segundo lugar, o Acordo de colaboración no sector pesqueiro entre a Comunidade Europea e o Reino de Marrocos (Acordo de Colaboración), aprobado polo

¹³⁷ Koury S., 2009, p. 182

¹³⁸ *Ibid.*

¹³⁹ Conclusións do Avogado Xeral Sr. Melchior Wathelet en xaneiro de 2018 no asunto C-266/16 Western Sahara Campaign UK and The Queen contra Commissioners for Her Majesty's Revenue and Customs e Secretary of State for Environment, Food and Rural. ECLI:EU:C:2018:1

regulamento (C.E.) nº 764 do Consello, de 22 de maio de 2006, que entrou en vigor o 29 de maio dese ano.

3) En terceiro lugar, o Acordo en forma de intercambio de notas entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos sobre medidas recíprocas de liberalización do comercio de produtos agrícolas, agrícolas transformados, peixe e produtos de pesca, substitución dos Protocolos e modificación do Acordo euromediterráneo polo que se crea unha asociación entre a Comunidade Europea e os estados membros e o Reino de Marrocos (Acordo de Liberalización), firmado en Bruxelas o 13 de decembro de 2010, aprobado pola Decisión 2012/497/UE, do Consello, de 8 de marzo de 2012 que entrou en vigor o 1 de outubro de 2012.

Este acordo foi obxecto de recurso por parte da Fronte Polisario ante a sala 8ª do Tribunal Xeral da U.E que ditou sentenza o 10 de decembro de 2015. A razón que levou ó Tribunal a estimar o recurso foi a falta de garantía de protección dos dereitos fundamentais da poboación saharauí. Os maxistrados consideraron que existe unha desprotección que podería provocar un escenario daniño para os habitantes do Sáhara, especialmente pola falta de transmisión por parte de Marrocos da información do artigo 73, letra e) da Carta das Nacións Unidas (que obriga á potencia administradora) e considera que o Consello incumpriu a súa obriga de examinar o asunto coa dilixencia debida¹⁴⁰. Segundo Soroeta Licerias¹⁴¹, esta sentenza supón un recoñecemento por parte das institucións europeas de que o Sáhara Occidental non forma parte de Marrocos, mais cae na errónea idea, contraria ó dereito internacional, de que Marrocos sexa a potencia administradora do territorio.

O 19 de febreiro do ano seguinte o Consello da U.E. recorreu a sentenza anterior, e o 21 de decembro de 2016 a Gran Sala do tribunal da U.E. resolveu sobre o asunto nunha nova sentenza. No corpo desta resolución, a Corte concluíu que a expresión “territorio do Reino de Marrocos” do artigo 94 do Acordo de Asociación (que mencionamos en primeiro lugar) non pode interpretarse de xeito que o territorio non autónomo do Sáhara Occidental estea incluído no seu ámbito de aplicación. Argumenta que iso sería ir en contra do dereito á libre determinación do pobo saharauí, e por tanto suporía un incumprimento deste principio do Dereito Internacional e da Resolución 2625 (XXV) que posúe carácter *erga omnes*. Ademais, o tribunal sostén que se violou o artigo 29 do Convenio de Viena¹⁴², que di que un tratado vincula a un estado respecto do espazo xeográfico no que exerce a plenitude das súas

¹⁴⁰ STG de 10 de decembro de 2015, T-512/12, Fronte POLISARIO/ Consello, EU:T:2015:953, par.247

¹⁴¹ Soroeta Licerias, 2016, p.208

¹⁴² STJUE de 21 de decembro de 2016, C-104/16 P, Consello / Fronte POLISARIO, EU:C:2016:973, par. 92

competencias, recoñecidas polas entidades soberanas do dereito internacional. Así, baseándose na opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza, mantén que o Sáhara Occidental carece de vínculos de soberanía con Marrocos e debe ser considerado como un terceiro estado. Na medida en que o P.O.L.I.S.A.R.I.O. como lexítimo representante do Sáhara Occidental non tería consentido o acordo, non lle sería de aplicación. Por último, en base ó artigo 2 do Convenio de Viena, entende que o tratado de Liberalización obxecto da súa sentenza, está subordinado ó acordo de Asociación e que, por tanto, o ámbito de aplicación é o mesmo para ambos tratados.

4) En cuarto lugar, destacan tamén os protocolos de desenvolvemento do Acordo de Colaboración que se foron aprobando dende 2006, entre os que destaca o Protocolo de 2013. Leva o nome de “ Protocolo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos polo que se fixan as posibilidades de pesca e a contrapartida financeira establecidas no Acordo de colaboración no sector pesqueiro entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos”, foi aprobado pola Decisión do Consello 2013/785/UE de 16 de decembro de 2013, entrou en vigor o 15 de xullo de 2014 e expirou o 14 de xullo de 2018. O Protocolo 2013 estaba complementado polo “Regulamento relativo ó reparto das posibilidades de pesca en virtude do Protocolo entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos polo que se fixan as posibilidades de pesca e a contrapartida financeira previstas no Acordo de colaboración no sector pesqueiro entre a Unión Europea e o reino de Marrocos” (UE) nº 1270/2013 do Consello de 15 de novembro de 2013.

O 27 de febreiro de 2018 o T.X.U.E. resolve nunha sentenza unha cuestión prexudicial presentada polo Tribunal Supremos de Inglaterra e Gales preguntando sobre a validez internacional do acordo de Colaboración, o protocolo de 2013 e o Regulamento (UE) Nº 1270/2013. A este respecto, falla que o Acordo de Colaboración pesqueira da U.E. co país magrebí non pode incluír o territorio do Sáhara Occidental. No corpo desta resolución o Tribunal reflexiona sobre se as augas adxacentes ó Sáhara Occidental están incluídas nas expresións “zona de pesca marroquí” e “territorio de Marrocos”, que aparecen respectivamente nos artigos 2, letra a), e 11 do Acordo de Colaboración¹⁴³.

Con respecto ó concepto de “zona de pesca marroquí” o Tribunal trae a colación os artigos 2.1, 55 e 56 da Convención de Nacións Unidas sobre Dereito do Mar que limitan o espazo xeográfico sobre o que o Estado ribeirego exerce a súa soberanía ou xurisdición, ás augas do seu mar territorial e á súa zona económica exclusiva. En base a isto, argumenta que,

¹⁴³ STXUE de 27 de febreiro de 2018, C-266/16, Western Sahara Campaign UK, EU:C:2018:118, par. 60 e ss,

dado que o Sáhara, en tanto que territorio non autónomo, non forma parte do Reino de Marrocos, as súas augas adxacentes non corresponden á xurisdición alauí. Por outra banda, os maxistrados estudan a posibilidade de que sexa de aplicación o artigo 31.4 da Convención de Nacións Unidas sobre Dereito do Mar que posibilita ás partes dun tratado internacional para que doten a certos termos dun significado especial. Deste xeito, o Tribunal pregúntase se a expresión “augas baixo soberanía marroquí” abrangue tamén as augas do Sáhara Occidental. Así, determina que sería contrario ó dereito internacional incluír estas augas como parte do territorio soberano do Reino de Marrocos, xa que se parte da base errónea de que foi reincorporado en virtude dos Acordos de Madrid por retrocesión, de España a Marrocos.

No que respecta á expresión “territorio de Marrocos” do artigo 11 do Acordo de Colaboración, o Tribunal remítese á súa sentenza do 21 de decembro de 2016 na que xa determinara que a expresión “territorio de Marrocos” empregada no artigo 94 do Acordo de Asociación (mencionado aquí en primeiro lugar) debe interpretarse de xeito que non inclúa o territorio saharauí. Os maxistrados entenden que posto que o Acordo de Colaboración e o Protocolo 2013 se encadran no marco do Acordo de Asociación, débenselles aplicar iguais criterios.

A Fronte Polisario recorreu tamén o Protocolo 2013. Unha vez respondida a cuestión prexudicial, este recurso foi resolto mediante un auto o 19 de xullo de 2018. Nel, o tribunal emprega os argumentos utilizados anteriormente para negar que as disposicións do Protocolo poidan ser de aplicación ó territorio saharauí.

Por outra parte, aínda que por exemplo no caso das relacións co Estado de Israel, a Unión ten establecida unha diferenciación formal na lexislación comunitaria sobre o réxime comercial preferente aplicable ás importacións que proceden de territorios palestinos ocupados¹⁴⁴, parece oportuno comentar que o Consello da Unión Europea nunca estableceu ningunha diferenciación territorial para referirse á aplicabilidade destes tratados na zona ocupada.

Polo que atinxe ás resolucións do Parlamento Europeo sobre a situación do Sáhara Occidental, estas foron variando co paso dos anos. A este respecto, Carlos Ruiz Miguel¹⁴⁵ distingue tres etapas: unha primeira que transcorre dende 1987 ata 1995 na que as súas denuncias da situación son máis comprometidas, un segundo período no que se elabora o

¹⁴⁴ Fernández Molina, 2016, p. 193

¹⁴⁵ Ruiz Miguel, 2013, p.164

Acordo de Asociación e se estreitan as relación con Marrocos, e un terceiro período, despois da “Intifadha” de 2005, no que o Parlamento Europeo comeza a reivindicar o cumprimento dos dereitos humanos no territorio.

Co paso do tempo, houbo novos pronunciamentos da Unión Europea relativos ós recursos do Sáhara Occidental coa finalidade de adecuar a súa explotación ás novas esixencias ecolóxicas. Así, por mor da redución das posibilidades de pesca e a petición de Marrocos, a Comisión emitiu a Decisión (UE) 2018/393 de 12 de marzo de 2018, pola que se aproba en nome da Unión Europea a contrapartida financeira provista no Acordo de colaboración no sector pesqueiro entre a U.E. e o Reino de Marrocos. Tamén cómpre remarcar o recente Acordo de Colaboración de Pesca sostible entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, do seu Protocolo de aplicación e do intercambio de Notas adxunto ó Acordo, aprobado polo Parlamento Europeo en febreiro do 2019. Na Decisión do Consello¹⁴⁶ relativa á súa aplicación comézase afirmando que se teñen presentes as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que determinan que os anteriores acordos e protocolos non eran aplicables ás augas adxacentes ó territorio do Sáhara Occidental. Así mesmo, declárase que a Unión apoia plenamente os esforzos do secretario xeral das Nacións Unidas e o seu enviado persoal para axudar ás partes a alcanzar unha solución que permita a autodeterminación do pobo do Sáhara Occidental. Non obstante, en contraste con todo o anterior, áfirmase que as flotas da Unión deben ter a posibilidade de proseguir as actividades pesqueiras que levan realizando dende a entrada en vigor do Acordo, polo que o ámbito de aplicación debe definirse de modo que comprenda tamén as augas do Sáhara Occidental. Ademais, a Comisión avaliou as posibles repercusións do Acordo e determinou que inequivocamente sería moi beneficioso para a poboación afectada. Engade que en ningún caso este acordo se pode entender como un recoñecemento de soberanía do reino de Marrocos sobre o Sáhara Occidental.

Deste documento despréndese que as institucións europeas, se ben recoñecen que a soberanía do territorio non autónomo reside na poboación autóctona do Sáhara Occidental, consideran a Marrocos como unha potencia administradora do territorio. Isto extráese do feito de que a Comisión admita ó reino alauí como unha parte capaz de decidir sobre as augas adxacentes ó territorio. Ademais, a Comisión ignora a sentenza do T.X.U.E. de 21 de decembro de 2016 que considera que para que o Acordo sexa de aplicación ó territorio do Sáhara

¹⁴⁶ Decisión (UE) 2020/392 do Consello de 5 de marzo de 2020

Occidental debe ser aprobado polos seus lexítimos representantes e non por Marrocos. O certo é que en ningún momento do documento se denomina a Marrocos como o que é dende o punto de vista do dereito internacional: un Estado ocupante.

En resumo, as sentenzas anteriores do Tribunal de Xustiza da Unión Europea consideran que os diversos acordos son validos xuridicamente se se aplican conforme á súa interpretación. É dicir, que non se debe entender que estes acordos inclúan o territorio marítimo e terrestre do Sáhara Occidental.

En canto ás resolucións da Comisión, se ben é certo que a U.E. defende o dereito os saharauís á libre determinación e non considera ó Sáhara como parte do territorio marroquí, non parecen recoñecer a situación de ocupación no territorio. Así, o Consello e a Comisión evitan refírese ó reino alauí como Estado ocupante, e utilizan no seu lugar o termo “potencia administradora *de facto*”. Este termo non resulta nada acertado, pois para o dereito internacional as potencias administradoras son unicamente aquelas obrigadas polo artigo 73, letra e), e aparecen así recoñecidas na lista das Nacións Unidas que as relaciona cos territorios non autónomos, é dicir, as potencias administradoras son os antigos estados coloniais.

4. Iniciativas para promover a descolonización do Sáhara Occidental no contexto da O.N.U.

A descolonización do Sáhara Occidental é unha responsabilidade das Nacións Unidas. Así o reflicten varias resolucións da Asemblea Xeral como por exemplo a 2229 () de 1966, a 2983 de 1972, a 3438 () de 1975, a 33/31-A do 1978, ou a 72/95 do 2017. Tamén se pronuncia neste sentido a Unión Africana (U.A) na decisión 598 (XXVI) do (2016). Con todo, o Consello de Seguridade nunca exerceu as súas competencias durante estes anos e traizoou os principios das Nacións Unidas, como veremos de seguido.

A continuación, pretendemos analizar as diversas iniciativas das Nacións Unidas para promover a descolonización despois de 1975 e demostrar a regresión acontecida na busca dunha solución. Para iso seguiremos a división en catro etapas que propoñen Miguel G. Guindo e Alberto Bueno¹⁴⁷. Estes autores distinguen: unha primeira etapa que vai dende 1975 ó ano 2000 e que abrangue os anos da guerra e a primeira iniciativa de referendo, unha segunda etapa de catro anos de duración relativa ós plans Baker, a terceira etapa que se estende dende o ano

¹⁴⁷ Guindo e Bueno, 2016, p.13

2004 ó 2012 que denominan a “terceira vía marroquí” e por último o momento actual (2012-actualidade).

Recapitulemos: tras o ditame do C.I.X. de 1975 que negaba a existencia de vínculos de soberanía entre Mauritania, Marrocos e o Sáhara Occidental, ese mesmo ano, despois de diversas ameazas destes países veciños e a chegada da “Marcha Verde” organizada por Hassan II ás terras do Sáhara Occidental, España asinou os acordos de Madrid nos que cedía a administración do territorio. A Fronte Polisario proclama a R.A.S.D. e entra en guerra cos Estados ocupantes. Mauritania apártase do conflito. A loita co reino alauí continúa ata 1988, ano no que as partes subscriben un “Plan de Arranxo ”, propiciado polas Nacións Unidas e baseado nun texto da O.U.A. Nel, pactaban o alto ó fogo, a retirada militar de Marrocos, o intercambio dos prisioneiros, a repatriación dos refuxiados e o compromiso da realización dun referendo baseado nunha versión actualizada do censo español de 1974. Para axudar a acadar estes obxectivos despregouse a Misión das Nacións Unidas para o Referendo no Sáhara Occidental (M.I.N.U.R.S.O.) en abril de 1991¹⁴⁸.

As causas polas que se suspendeu este referendo foron dúas: en primeiro lugar o debate entorno ás preguntas da consulta e en segundo lugar a actualización do censo. As opcións que se chegaron a formular para o referendo foron: a independencia do pobo saharauí, a integración en Marrocos e a chamada “terceira vía” que consistía en formar parte deste reino mais contando cun certo grao de autonomía. Marrocos non acepta que se propoña a primeira destas opcións. En canto ó censo, o que sucedeu foi que Marrocos non estaba satisfeito con que non se incluíse ós seus colonos como poboación autóctona do Sáhara Occidental. Despois de seis anos de disputas sobre estes temas sen chegar a un acordo as partes simplemente renovaron os compromisos de 1988 nos Acordos de Houston¹⁴⁹.

A M.I.N.U.R.S.O. seguiu traballando e realizou unha nova proposta no ano 2000 e Marrocos, que vía que o censo realizado ía na súa contra, mobilizou ós colonos para que reclamasen ter dereito a participar na consulta.¹⁵⁰

A partir deste momento entramos na segunda etapa de catro anos de duración na que se levaron a cabo os plans Baker. Reciben o nome por James Baker, o enviado persoal do secretario xeral das Nacións Unidas. O primeiro dos plans (Baker I)¹⁵¹ denomínase “Proxecto

¹⁴⁸ S/RES/690 (1991)

¹⁴⁹ S/1997/742 (1997)

¹⁵⁰ Guindo M.G. e Bueno A., 2016, p.16

¹⁵¹ S/RES/1359 (2001)

de Acordo Marco sobre o Estatuto de Sáhara Occidental”, e a súa proposta consistía en que o territorio pasara a estar administrado por Marrocos durante 4 anos e no quinto ano realizaríase o referendo. O Baker I foi rexeitado polo P.O.L.I.S.A.R.I.O. por consideralo imparcial e claramente favorable ó reino alauí.

O Baker II chegou en 2003 co nome de “Plan de Paz para a Autodeterminación do Pobo do Sáhara Occidental”¹⁵². A proposta era basicamente a mesma, mais desta vez se establecía complementariamente á administración marroquí transitoria, unha autoridade provisional autónoma. O plan propoñía que as preguntas da consulta contemplasen a posibilidade da integración, da autonomía e da independencia. Desta vez, foi o reino de Marrocos que non aceptou a proposta. Carlos Ruiz Miguel, sinala que os motivos de oposición foron o temor a que se abriera un espazo democrático de verdadeira participación cidadá que ameazara a monarquía e o feito de que non se consideraran parte do censo os colonos asentados dende 1999¹⁵³. O Consello de Seguridade apoiou o plan mais non chegou a aprobarse, pola firme negativa do Estado francés, que fixo valer a súa capacidade de veto¹⁵⁴. Ante este panorama, James Baker dimitiu.

A partir de dous mil cinco iníciase unha nova etapa coa liberación dos últimos 400 prisioneiros marroquís capturados pola F.P. e co nomeamento de Peter Van Walsum como substituto de James Baker. Por outra banda, neste momento prodúcese no territorio ocupado un crecemento do activismo democrático en pro da independencia que reclamaba, ante todo, o respecto ós dereitos humanos. Os máis claros exemplos deste movemento foron as accións do Colectivo de Defensores Saharauís Dos Dereitos Humanos (C.O.S.E.D.A.) e as manifestacións coñecidas como “Intifadha” pacífica saharauí, fortemente reprimidas polas forzas de orde marroquís¹⁵⁵.

Ante este clima de protestas, Mohamed VI presentou un novo “Plan de Autonomía Ampliada” para a zona ocupada, coincidindo co XXX aniversario da Marcha Verde. Ó ano seguinte, o monarca crea o Consello Real Consultivo para os Asuntos Saharianos (C.O.R.C.A.S.) e en 2007 presenta ante o Secretario Xeral das Nacións Unidas un plan para a negociación do Estatuto de Autonomía do Sáhara que tiña a vocación de, despois de ser discutido polas partes, poder ser sometido a referendo nas poboacións afectadas (os saharauís

¹⁵² S/RES/1495 (2003)

¹⁵³ Guindo G.M e Bueno A, 2016, 9.18

¹⁵⁴ S/RES/1495 (2003)

¹⁵⁵ Guindo G. M. e Bueno A., 2016, p.19

e os colonos marroquís). O proxecto establecía que o xefe do Goberno Rexional sería designado por un parlamento autonómico composto por membros elixidos polas tribos e por membros elixidos por toda a poboación actual do Sáhara mediante sufraxio universal. En canto ó poder xudicial, formulaba a creación dun Tribunal Superior Rexional sometido á Corte Suprema Marroquí¹⁵⁶. Mediante esta misiva, Marrocos oficializa a denominada “*terceira vía*” que como vemos, está formulada no marco da pretendida soberanía do Reino e da súa unidade nacional¹⁵⁷. Esta iniciativa vulnera a legalidade internacional e supón un retroceso con respecto ó Plan Baker II, xa que descarta por completo a independencia como opción no referendo e establece como única posibilidade a autonomía. Esta continúa sendo a día de hoxe a posición do reino alauí.

En resposta, a Fronte Polisario optou por presentar unha “Proposición para a solución política mutuamente aceptable que asegure a autodeterminación do pobo do Sáhara Occidental”, e solicitou unha consulta coas tres opcións do Plan Baker II. Esta proposta foi apoiada por Sudáfrica nunha carta do 16 de abril dirixida ó presidente do Consello de Seguridade¹⁵⁸.

O 30 de abril de 2007 o Consello de Seguridade emitiu unha resolución na que pedía ás partes que negociasen “sen condicións previas” unha solución resultante do acordo entre as partes que conducira á libre determinación do pobo do Sáhara Occidental. Aquí, o Consello de Seguridade parece esquecerse nas súas resolucións da natureza descolonizadora do conflito e apostar por una solución acordada¹⁵⁹. O C.S. trata ás partes de forma simétrica, obviando que existe unha manifesta desigualdade, xa que estamos ante un Estado ocupante e un territorio non autónomo ocupado, e obviando tamén o feito de que Marrocos viole sistematicamente os dereitos humanos no territorio ocupado.

Cabe destacar, iso si, un pequeno avance xa que, tomando nota do disposto na resolución, convocáronse catro rondas de negociacións en Manhasset, New York e nove reunións informais en Viena e La Valeta e conseguíronse avances en temas humanitarios como o programa de visitas familiares a cargo de A.C.N.U.R.

Así mesmo, nesta etapa comézase a notar tamén un cambio de actitude da Asemblea Xeral, que se ben os primeiros anos esixía que a descolonización do Sáhara debía ser a través

¹⁵⁶ *Ibid.*

¹⁵⁷ Riquelme, 2012, p.213

¹⁵⁸ Guindo e Bueno, 2016, p.19

¹⁵⁹ Riquelme, 2012, p.211

dun referendo de autodeterminación para que a poboación autóctona do territorio exercese o seu dereito á libre determinación e independencia¹⁶⁰, a partir deste momento comeza a admitir, en vista da realidade política, que “todas as opcións son válidas sempre que se axusten ós desexos do pobo interesado”¹⁶¹.

Continuando co relato histórico, en xaneiro de 2009 foi nomeado enviado persoal do Secretario Xeral para o Sáhara Occidental Christopher Ross, quen animou ás partes a realizar nove conversas entre agosto dese mesmo ano e marzo de 2012. O informe do Secretario Xeral sobre a situación relativa ó Sáhara Occidental do 5 de abril de 2012 recollía o resultado desas negociacións que se caracterizaron polo inmovilismo das dúas partes. Marrocos seguiu defendendo o seu plan para a negociación do Estatuto de Autonomía do Sáhara, e en 2011 incluíu esta autonomía na súa nova Constitución ratificada por referendo o 1 de xullo, o que vulnera o dereito internacional.

Por último, Miguel G. Guindo e Alberto Bueno distinguen unha cuarta etapa que va dende 2012 ata a actualidade. Neste período a posición das dúas partes non mudou, mais si sucederon feitos que incrementaron a tensión: no ano 2016 prodúcese a crise de Guerguerat que puxo en perigo o plan de paz: o 11 de agosto, Marrocos ocupou unha franxa de separación entre o muro de división e a fronteira do Sáhara Occidental con Mauritania. Como resposta a Fronte Polisario despregou as súas tropas a 100 metros. En Febreiro de 2017 Marrocos se retira de Guerguerat e o mesmo fai a Fronte Polisario.¹⁶².

En agosto do 2017, o Secretario Xeral das Nacións Unidas nomea a Horst Köhler como novo enviado persoal para o Sáhara, quen convoca ás partes para retomar as negociacións en Xenebra en xaneiro de 2018 e en marzo de 2019. Köhler, dimitiu en abril de 2019 e actualmente o posto se atopa vacante á espera de que Guterres nomee un novo enviado persoal. Dende a súa renuncia o Consello de Seguridade non fixo nada máis que prorrogar, no mes de outubro de 2019, durante 12 meses o mandato da M.I.N.U.R.S.O. na resolución 2494 cita do 30 de outubro.

A través do representante de Sudáfrica, Brahim Ghali, Secretario Xeral da Fronte Polisario presentou o 24 de xaneiro deste ano, 2020, unha carta¹⁶³, dirixida ó presidente do Consello de Seguridade na que se denuncia a apertura de consulados de terceiros países na

¹⁶⁰ *Ibid.*

¹⁶¹ A/RES/62/116

¹⁶² Ruiz Miguel C., Ponce de León Iglesias M. e Blanco Souto Y., 2019, p.23

¹⁶³ S / 2020/66

capital ocupada, o Aaiún. Así mesmo, pide que a M.I.N.U.R.S.O. trate igual a ambas partes do conflito, denuncie a explotación de recursos do territorio ocupado e as violacións dos dereitos humanos. Ademais, lembra ó Consello de Seguridade que dende a dimisión de Köhler non se produciu ningún avance e que o proceso de descolonización se atopa efectivamente paralizado.

O mantemento do *statu quo* e a falta de solución poden explicarse polo desinterese xeral polo conflito e tamén pola vontade dalgúns dos membros permanentes do Consello de Seguridade das Nacións Unidas de estar en boas relacións con Marrocos por razóns xeoestratéxicas xa que, consideran que garante a seguridade do Magreb ó reprimir os movementos xihadistas e controla a inmigración mediante acordos con países da Unión Europea¹⁶⁴.

En resumo, Marrocos nun primeiro momento tratou de modificar o censo da poboacións chamada a referendo ó seu favor, mediante asentamentos no territorio ocupado e o impulso da inmigración marroquí no Sáhara. Despois, cambiou de estratexia e optou por non admitir ningún referendo que permitise a independencia, aceptando só a integración do Sáhara en Marrocos a través dunha autonomía. Ambas son fórmulas diferentes pero cun mesmo obxectivo: impedir que o pobo do Sáhara exercite o dereito inalienable á autodeterminación que lle outorga o dereito internacional. As Nacións Unidas nas últimas décadas parecen deixarse influír pola política de feitos consumados de Marrocos.

¹⁶⁴ Riquelme, 2012, p.213

Conclusiones

Con este TFG intentamos abordar a inconclusa descolonización do Sáhara Occidental dende unha perspectiva xurídica.

Este territorio forma parte da lista de territorios non autónomos das Nacións Unidas de 2017 que deben ser obxecto de descolonización por parte das potencias administradoras, polo tanto, a súa poboación é titular do dereito á libre determinación dos pobos no contexto colonial proclamado pola O.N.U. no artigo 73 da Carta. Así consta na análise realizada acerca das resolucións 1514 (XV), 2625 (XXV) e 1541(XV) da Asemblea Xeral. España, polo tanto, debe cumprir a resolución 2072 de 1965 das Nacións Unidas que a obrigaba a descolonizar o Sáhara e non abandonar o territorio mediante os acordos celebrados en Madrid en 1975 entre España Marrocos e Mauritania que son ilegais, por contravir disposicións de *ius cogens* do dereito internacional, que seguen sendo de aplicación a día de hoxe. Ademais, o Estado Español en tanto que potencia administradora do territorio, está obrigado a transmitir a información relativa a datos estatísticos e técnicos sobre os territorios que se atopen ó seu cargo reclamada no artigo 73 e) da Carta á IV Comisión. Así mesmo, está obrigada a favorecer a descolonización do Sáhara e a facilitar que a súa poboación exerza o dereito á libre determinación.

Marrocos e Mauritania non posuían vínculos de soberanía previos á colonización española como indica a Opinión consultiva do Tribunal Internacional de Xustiza de 1975, polo tanto, as pretensións destes países con respecto ó Sáhara non teñen ningún tipo de fundamento xurídico. En consecuencia, é evidente a ilegalidade da ocupación por parte de Marrocos (e anteriormente tamén por parte Mauritania) de Saguia el Hamra e Río de Oro. Por outro lado, Marrocos está a incumplir o IV Convenio de Xenebra que nos artigos 47-68 establece como obrigas da potencia ocupante, entre outras, facilitar a tarefa das organizacións humanitarias, manter en vixencia as leis do territorio ocupado. Ademais, incumpre a prohibición de realizar deportacións e asentamentos de colonos, práctica coa que Marrocos intenta alterar o censo dun futuro referendo ó seu favor.

En canto á explotación dos recursos naturais do territorio por parte de España como potencia administradora ou de Marrocos como potencia ocupante, a partir da análise xurídica realizada podemos concluír que é contraria ó dereito internacional: por exemplo, na A/RES/44/84 dispónse que non se debe subordinar a intereses económicos nin financeiros de terceiros estados os lexítimos dereitos sobre os seus recursos naturais dos pobos a descolonizar.

Polo tanto, os tratados comerciais entre a Unión Europea e o reino alauí non respectan os mandatos das Nacións Unidas na medida en que pretenden ser de aplicación no territorio ocupado.

No que respecta á proclamación da R.A.S.D. en 1976 por parte da Fronte Polisario quedaron patentes as dúas posturas: por un lado a que considera que estamos ante un Estado soberano que conta cun territorio propio, poboación e goberno efectivo. Por outro lado, aqueles que consideran que, mais que un Estado, se trata dunha pretensión futura de constituír un, cando se acade a independencia. En canto á nacionalidade dos saharauís, a argumentación xurídica da recente sentenza do Tribunal Supremo considera que o Sáhara Occidental non formaba parte de España a efectos de nacionalidade durante a época colonial. se ben, houbo votos particulares de maxistrados que mantiñan que esta poboación si tiña nacionalidade española de orixe. Fixemos referencia ademais a sentenzas do mesmo tribunal que cualificaron ós saharauís como apátridas.

Por último, o fracaso das diversas iniciativas levadas a cabo polas Nacións Unidas para promover a descolonización do Sáhara Occidental é debido principalmente a dous factores: a negativa marroquí de cumprir as súas obrigas coa comunidades internacional, ó non permitir un referendo de autodeterminación co censo de 1974, e o veto de Francia no Consello de Seguridade, por mor de intereses económicos e xeopolíticos que non cómpre analizar aquí. A O.N.U. nas últimas décadas parece deixarse influír pola política de feitos consumados de Marrocos cando na resolución do Consello de Seguridade do 30 de abril de 2007 simplemente anima ás partes a negociar sen condicións previas, obviando que estamos ante un estado ocupante e outro ocupado. Por outra banda, a inhibición desta institución na vixilancia dos dereitos humanos sobre o terreo é denunciada por múltiples observadores internacionais.

Espero con este TFG ter contribuído humildemente a toda a serie de estudos que se realizaron sobre o Sáhara Occidental e que este traballo axude a divulgar información xurídica sobre o tema. Xa para rematar, só me queda compartir a esperanza de que algún día se poña fin á inxusta situación que sofre o pobo saharauí.

ABREVIATURAS:

A.C.N.U.R. Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados

C.D.I. Comisión de Dereito Internacional

C.I.C.R. Comité Internacional de la Cruz Roja

C.I.X. Corte Internacional de Xustiza

C.O.R.C.A.S. Consello Real Consultivo para os Asuntos Saharauís

C.O.S.E.D.A. Colectivo de Defensores Saharauís dos Dereitos Humanos

C.S. Consello de Seguridade das Nacións Unidas

E.N.M.I.N.S.A. Empresa Nacional Mineira do Sáhara

F.P. Fronte Polisario.

I.N.I. Instituto Nacional de Industria

M.I.N.U.R.S.O. Misión de las Nacións Unidas para o Referendo do Sáhara Occidental

O.N.U. Organización das Nacións Unidas

O.U.A. Organización para a Unidade Africana

p. Páxina

P.O.L.I.S.A.R.I.O. Popular de Liberación de Saguia el Hamra e Río de Oro

pp. Páxinas

R.A.S.D. República Árabe Saharauí Democrática

T.F.G Traballo de Fin de Grao

T.X.U.E. Tribunal de Xustiza da Unión Europea

U.A. Unión Africana

U.E. Unión Europea

BIBLIOGRAFÍA:

ALGUERÓ CUERVO J.I.: “Historie ancienne du Sahara Occidental et colonisation du territoire par l’Espagne” en CHAPAUX, V. , ARTS, K. e PINTO LEITE, P. (Eds.): *Le droit international et la question du Sahara occidental*, International Platform of Jurists for East Timor (IPJET), Porto, 2009

BADÍA MARTÍ, A. M.: “La cuestión del Sáhara Occidental a la luz de la dimensión económica del principio de Autodeterminación de los pueblos coloniales”, en PALACIOS ROMERO, F. *El derecho de libre determinación del pueblo del Sáhara Occidental. Del ius cogens al ius abutendi*, Civitas-Thomson, 2013

BARBIER, M.: *Le conflit du Sahara occidental*, Ed. L’Harmattan, París, 1982

BARONA CASTAÑEDA C. e GAMALIEL ARENAS J.: “La república árabe saharuái democrática, reflexiones sobre un estado en el exilio” en BARRAÑEDA I. E OJEDA R. (Eds.): *Sahara occidental 40 años después*, CATARATA, Madrid, 2016

BARRAL BLANCO R. e RUIZ MIGUEL C.: “La lógica del Tribunal de la Haya”, en Observatorio Aragonés para el Sáhara Occidental (Coord.): *Sahara Occidental Cuarenta años construyendo resistencia*, PREGUNTA ediciones, Zaragoza, 2016

BUJARI A.: “El Estado saharuái. Viabilidad y seguridad, en Observatorio Aragonés para el Sáhara Occidental (Coord.): *Sahara Occidental Cuarenta años construyendo resistencia*, PREGUNTA ediciones, Zaragoza, 2016

CADENA AFANADOR, W. e SOLANO JIMÉNEZ, M.Y. (2008). Contexto Sociojurídico del conflicto del Sáhara Occidental. *Diálogos de saberes*, nº29, páxs. 273-296

CANIVELL FRADUA J.: “La concesión del Estatuto Administrativo de Apátrida. En torno a la Sentencia del Tribunal Supremo de 20 de noviembre de 2007” en PALACIOS ROMERO, F. (Coord.): *El derecho a la libre determinación del pueblo del Sahara Occidental del ius cogens al ius abutendi*, ARANZADI, Pamplona, 2013

CARRILLO SALCEDO, J.A.: “Libre determinación de los pueblos e integridad territorial de los Estados en el dictamen del Tribunal Internacional de Justicia sobre el Sáhara Occidental” en *Revista Española de Derecho Internacional*, Asociación Española de Derecho Internacional y Relaciones Internacionales, 1976

CLARK, ROGER S.: “Le Sahara Occidental et les normes de l’ONU relatives à l’autodétermination et à la agression ”, en CHAPAUX, V. , ARTS, K. e PINTO LEITE, P. (Eds.): *Le droit international et la question du Sahara occidental*, International Plataform of Jurists for East Timor (IPJET), Porto, 2009

DE PINIÉS, Jamie, *La descolonización española en las Naciones Unidas*, Madrid, Centro de Estudios políticos y Constitucionales, 2001, pp.693-698

FERNÁNDEZ MOLINA I.: “La Unión Europea y el conflicto del Sahara Occidental” en BARRAÑEDA I. E OJEDA R. (Eds.): *Sahara occidental 40 años después*, CATARATA, Madrid, 2016

FLORY, M.: “L’avis de la Cour Internationale de Justice sur le Sahara Occidental”, A.F.D.I., num XXI, 1975, pp.253-277

GONZÁLEZ VEGA, J.A.: “El respeto de los derechos humanos en el Sahara Occidental: cuestiones de derecho internacional” en PALACIOS ROMEO, F. (Coord.): *El derecho a la libre determinación del pueblo del Sahara Occidental del ius cogens al ius abutendi*, ARANZADI, Pamplona, 2013

GROS-ESPIELL, H.: “En torno al derecho a la libre determinación de los pueblos”, en *Anuario Español de Derecho Internacional*, num.3 (1976), pp.49-74

GUINDO M.G. e BUENO A.: “La cuestión del Sahara Occidental. De los acuerdos de Madrid hasta hoy (1975-2015)”, en BARRAÑEDA I. E OJEDA R. (Eds.): *Sahara occidental 40 años después*, CATARATA, Madrid, 2016

JIMÉNEZ DE ARÉCHAGA, E.: *El Derecho Internacional Contemporáneo*, Madrid, 1980

KOURY S.: “L’obligation de non.reconnaissance de la communité européenne et de ses etats membres au regard de l’accord d’association CE-Marroc: responsabilité étatique et droit international coutumier” ”, en CHAPAUX, V. , ARTS, K. e PINTO LEITE, P. (Eds.): *Le droit international et la question du Sahara occidental*, International Plataform of Jurists for East Timor (IPJET), Porto, 2009

MARIÑO MENÉNDEZ, F.M.: “El Derecho Internacional y la actual situación del Sáhara Occidental”, *África-América Latina, Cuadernos*, num. 6, 1991, pp.179-188

MARTÍN MORILLO, J.M. e ARBESÚ SANCHO G.E.: “Observación judicial. Procesos contra defensores de derechos humanos saharauis. Vulneración de la tutela judicial efectiva”

en PALACIOS ROMEO, F. (Coord.): *El derecho a la libre determinación del pueblo del Sahara Occidental del ius cogens al ius abutendi*, ARANZADI, Pamplona, 2013

MIGUÉLEZ SANTOS, T. (2017) : Localización por tribos das faccións nómades e sedentarias. [Imaxe dixital] Recuperado de: MIGUÉLEZ SANTOS, T. (2017) : Derechos humanos en el Sahara Occidental y el papel de la Cooperación española (Traballo de Fin de Máster Universidade de León).

OLLÉ SESÉ, M.: “Violación de los derechos humanos en el Sahara Occidental y jurisdicción universal” en PALACIOS ROMEO, F. (Coord.): *El derecho a la libre determinación del pueblo del Sahara Occidental del ius cogens al ius abutendi*, ARANZADI, Pamplona, 2013

RIQUELME CORTADO, R.: “Marruecos frente a la (des)colonización del Sáhara Occidental” en, *Anuario Mexicano de Derecho Internacional*, num. XIII (2013), pp. 205-265

RUIZ MIGUEL, C: “Recientes desarrollos del conflicto del Sáhara Occidental: Autodeterminación y Estatalidad” en *Anuario Mexicano de Derecho Internacional*, num. 1, 2001, pp. 344-362

RUIZ MIGUEL, C: “Nacionalidad española de ciudadanos saharauis: secuela de una descolonización frustrada (y frustrante)”, en *Revista General de Derecho Administrativo*, num.663 (1999), 14235-14245

RUIZ MIGUEL, C.: “Las obligaciones legales de España como potencia administradora del Sáhara Occidental” en, *Anuario español de derecho internacional*, num.26 (2010), pp. 303-331

RUIZ MIGUEL, C.: “La Unión Europea y el Sáhara Occidental: (Verdaderos) principios y (falsos) intereses” en PALACIOS ROMEO, F. (Coord.): *El derecho a la libre determinación del pueblo del Sáhara Occidental: Del “ius cogens” al “ius abutendi”*, 2013, pp-161-201

RUIZ MIGUEL, C.: “El principio y el derecho de autodeterminación y el pueblo del Sahara Occidental”, en *Anuario español de derecho internacional*, num.31 (2015), pp.267-296

RUIZ MIGUEL, C.: “¿Qué contribución puede hacer Colombia a la paz y al respeto del derecho internacional en el Sahara Occidental?”, en *Observatorio de Análisis de los Sistemas Internacionales*, num 27 (2018), pp.191-210

RUIZ MIGUEL C., PONCE DE LEÓN IGLESIAS M. e BLANCO SOUTO, Y. *El Sáhara Occidental. Prontuario jurídico.15 enunciados básicos sobre el conflicto*, Santiago de Compostela: andavira, 2019

SOROETA LICERAS, J.: *El conflicto del Sáhara Occidental, reflejo de las contradicciones y carencias del derecho internacional*, Universidad del País Vasvo/Euskal Herriko Unibertsitatea, 2001

SOROETA LICERAS, J.: “El derecho a la libre determinación de los pueblos en el siglo XXI: entre la realidad y el deseo”, *Cursos de derecho internacional y relaciones internacionales de Victoria-Gasteiz*, num.1, 2012, pp.451-502

SOROETA LICERAS, J.: “La sentencia de 10 de diciembre de 2015 del Tribunal General de la UE (T-512/12), primer reconocimiento en vía judicial europea del estatuto del sahara occidentla y de la subjetividad internacional del Frente POLISARIO”, en *Revista General de Derecho Europeo*, num. 38, 2016, pp. 202-238

SOROETA LICERAS, J.: “La condición jurídica de Marruecos y España en el Sáhara Occidental” en *Humania del Sur: Revista de Estudios Latinoamericanos, Africanos y Asiáticos* , vol. 9, num.17, 2014, pp. 33-52

State in Society: Studying how States and Societies Transform and Constitute Another, Cambridge University Press, New York, 2001


TRILLO DE MARTÍN-PINILLOS, E.: “L’Espagne puissance administrante du Sahara Occidental” en CHAPAUX, V. , ARTS, K. e PINTO LEITE, P. (Eds.): *Le droit international et la question du Sahara occidental*, International Plataform of Jurists for East Timor (IPJET), Porto, 2009

VANCE, R.T.: “Recognition as an Affirmative step in the Decolonization process: The Case of Western Sahara», *Yale Journal of World Public Order*, 7, num. 1, fall 1980

VIRALLY, M.: “Droit International et décolonisation devant les Nations Unies” en *Annuaire Français de Droit International*, num.9, 1963, pp. 508-54

ANEXOS:

Anexo 1: Mapa territorios non autónomos recoñecidos polas Nacións Unidas.




Fonte: ONU. *Territorio no autónomos*. [Imaxe dixital] Recuperado de : <https://www.un.org/dppa/decolonization/es/nsgt> (13/07/2020)

Anexo 2: Mapa Colonias Españolas na África Occidental no século XX.




Fonte: Colonias Españolas en el África Occidental en el siglo XX.[Imaxe dixital] Recuperado de: <http://elblogdecesarmb.blogspot.com/2012/10/restos-del-imperio-espanol-iii-el.html> (13/07/2020)

Anexo 3: Mapa dos muros construídos por Marrocos para dividir o Sáhara Occidental




Fonte: Saleh Lehib , Mapa de los muros construidos por Marruecos para dividir el Sahara Occidental (2019). [Imaxe dixital] Recuperado de: <https://www.usc.gal/es/institutos/ceso/Mapas-historicos.html> (13/07/2020)

Anexo 4: Mapa do “Gran Marruecos” segundo o proxecto expansionista de Allal El Fassi asumido por Mohamed V (1956-1958).




Fonte : Mapa del "Gran Marruecos" segundo o proxecto expansionista de Allal El Fassi asumido por Mohamed V (1956-1958).[Imaxe dixital] Recuperado de: <https://www.usc.gal/es/institutos/ceso/Mapas-historicos.html> (13/07/2020)

Anexo 5: Localización das tribos e faccións nómades e sedentarias.



Fonte: Localización por tribos das faccións nómades e sedentarias [Imaxe dixital] Recuperado de: Miguélez Santos, T. (2017) : *Derechos humanos en el Sahara Occidental y el papel de la Cooperación española* (Traballo de Fin de Máster Universidade de León).

Anexo 6: Países que recoñecen o Sáhara Occidental



Fonte: [Imaxe dixital]Recuperado en: Twitter @Maps_black